

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 13 de FEBREIRO de 2004**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 13 de febreiro de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

- 1.-Dar conta da liquidación do presuposto provincial do exercicio 2003.
- 2.-Refinanciamento do préstamo do Banco de Crédito Local.
- 3.- Presuposto xeral para o exercicio 2004 e Bases de execución.

Comisión de Persoal e Réxime Interior.

- 4.-Plantilla e relación de postos de traballo 2004
- 5.-Nombramento representantes da Corporación en organismos varios.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos concellos

- 6.-Aprobación da solicitude de subvención ao Ministerio de Administracións Públicas dentro da liña de “Proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano” da anualidade 2004.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 13 DE FEBREIRO DE 2004**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 13 de febreiro de 2004, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON MANUEL CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON MANUEL NOCEDA LAMELA	PSOE
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dazaoito horas, o señor secretario procede á lectura da resolución da presidencia núm. 977, con data do 16 de febreiro de 2004, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, con relación ós cales, por unanimidade, bardante nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2003.

Dáse conta da liquidación do orzamento provincial do exercicio 2003.

2.-REFINANCIAMENTO DO PRÉSTAMO DO BANCO DE CRÉDITO LOCAL.

INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Entendemos que se trata dun punto importante, como son todos os puntos de calquera sesión plenaria, si que o de hoxe non é o máis importante de todos, pero si é importante salientar que este refinanciamento da débeda que se concertou no seu momento co Banco de Crédito Local alá polo ano 1994, e que sufriu dúas variacións no 97, 98, concretamente, supón un avance importante de cara á economía desta deputación. Cúmpanse para isto os dous requisitos fundamentais que son o ter o aforro neto positivo e ter un balance inferior ao 110% da liquidación dos recursos de operacións correntes, de liquidados de operacións correntes, para o cal non hai que pedir autorización á comunidade autónoma.

Eu quero salientar os aspectos desta renegociación, que son o tipo aplicábel o euribor + 0,10, fronte ao euribor + 0,20 do exercicio anterior. Non existe un tipo mínimo que era un 5%, e o tipo máximo redúcese do 8,5 ao 7,8.

Entendemos que é unha situación importante dende o punto de vista económico, entendemos que ese tipo mínimo do 5% condicionou nalgún momento a economía desta deputación, por porlles un mero exemplo, de facelo con anterioridade, entre xaneiro de 2002 e xaneiro de 2004, aforrariábase un millón de euros.

Polo tanto, entendemos e solicitamos en nome do equipo de goberno ao grupo popular, o seu apoio favorábel, que sen dúbida o fará.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Por parte do Partido Popular, claramente a prol deste refinanciamento, que expresa en definitiva vantaxes de dous niveis, á parte da supresión do nivel mínimo, a realidade é que os tipos de xuro baixaron durante todos estes anos, a resultas disto, cremos, e creo que non dicimos nada que todos aceptemos, da política económica seguida polo goberno durante todos estes anos, de déficit cero e estabilidade orzamentaria. Isto determinou unha redución dos tipos de xuro e, como é lóxico, está moi ben e nosoutros apoiamos que a deputación, efectivamente, aproveitese destas vantaxes e consigamos a mellor situación de financiamento da débeda.

Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu quero dicir que esta é unha decisión importante que adopta a Deputación porque ao facernos cargo do goberno da provincia, da Deputación provincial, encontrámonos con que esta Deputación, de maneira incomprensíbel, estaba pagando un crédito do 5% de xuro, cousa inaudita nos tempos que corren.

Creo que é unha boa negociación a que fixemos, que lle vai permitir aforrar a esta deputación nos anos de vida que lle quedan a este crédito, preto de dous millóns de euros en xuros.

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1) Concertar co Banco de Crédito Local un préstamo para refinciar o importe da débeda pendente co dito banco, consonte coas seguintes condicións particulares:

Importe: 23.540.028,55 euros
Tipo de interese nominal neto: Euribor cunha marxe do 0,10% sen redondeo.
Límite ao tipo de interese máximo: 7'8%.
Prazo de amortización: 10 anos contados a partir da data de formalización do contrato.
Período de amortización: Trimestral.
Cotas de amortización: 40, iguais e consecutivas.
Comisión de apertura e estudio: Non existe.

En todas as demais condicións resultará aplicábel o proxecto de contrato de préstamo proposto pola entidade e cuxa copia se axunta.

2) Destinar o importe da operación á cancelación da operación de préstamo concertada co Banco de Crédito Local, segundo contrato do 13 de xuño de 1994, modificado nas datas do 22-4-97 e 10-12-98, facendo efectiva a metade da comisión de amortización anticipada prevista no dito préstamo que ascende a 564.960,68 euros.

3) Como queira que a operación non precisa de autorización da Comunidade Autónoma, facultar ao presidente para executar o presente acordo e sinatura do correspondente contrato."

3.- PRESUPOSTO XERAL PARA O EXERCICIO 2004 E BASES DE EXECUCIÓN.

Sr. Secretario

A este punto hai unha emenda presentada polo grupo popular.

Sr. presidente

Se lles parece organizamos o debate de tal forma que se debate o orzamento e a emenda conxuntamente, e logo á hora de votar, diferenciamos, votamos en primeiro lugar a emenda do grupo popular e, no caso de que quede decaída votariamos xa a proposta de orzamentos presentada.

Sr. Lagares Pérez

Sen dúbida estamos ante o feito máis importante, dende o punto de vista político, no debate dunha institución, neste caso quero empezar dicindo que a premisa global e xeral, reduciríase nunha frase que será gastar menos para facer máis e mellor.

Esta é unha expresión política deste equipo de goberno que se conformou o 3 de decembro pasado e que está sustentado polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido dos Socialistas de Galicia, e quero indicar que se inicia, non soamente un camiño novo económico-orzamentario, senón que se inicia unha nova etapa política nesta institución provincial. Un camiño económico que non é pechado, senón que é dinámico, non é algo estático, senón que é algo aberto, e que iremos desenvolvendo ao longo dos meses próximos, neste caso poucos meses, dadas as circunstancias acaecidas, de todos coñecidas e que aquí non vou relatar.

Para definir este orzamento de forma xenérica salientaría, no nome do equipo de goberno, en primeiro lugar que é un orzamento realista, dado que toma en consideración os ingresos previsíbeis e os gastos necesarios; que é un orzamento responsábel, nisto quero incidir, porque asumimos, este equipo de goberno, os compromisos concertados pola Corporación anterior, todos os compromisos concertados, que supoñen preto de 13 millóns de euros, concretamente 12.833.520,95 euros. É un orzamento austero, porque limita no posíbel os gastos correntes, incido, limita no posíbel os gastos correntes, e reduce o endebedamento neto, redúcese a débeda viva; logo veremos que, por primeira vez dende o ano 1996, é a primeira vez que baixa a débeda viva. Un orzamento solidario porque incorpora programas de solidariedade provincial, tanto interna como externa, ilusionante porque recolle distintos retos novos para o desenvolvemento local como captación de fondos da Unión Europea. Modernizador, porque ten programas de investimentos en infraestruturas e informáticos, en distintos materiais e servicios que son novidade, e que nos referiremos a eles ao longo desta intervención. E, por último, un orzamento respectuoso coa legalidade vixente. Falaba o Sr. voceiro do Partido Popular da Lei de estabilidade orzamentaria, cúmprese de sobra, e o que si teño que dicir é que os xuros, o euribor, non os fixa o goberno de España, senón que os fixa o BCE, o Banco Central Europeo. Sen dúbida estamos ante algo que se vai orientar de forma práctica, obxectiva e solidaria de cara á provincia e, sobre todo, aos cidadáns dela.

Antes de pasar á análise dos ingresos e os gastos, eu quero facer unhas reflexións en nome do equipo de goberno, porque detrás dos números, que son fríos, existe unha filosofía, un sistema de traballo que dá lugar a todas estas cifras que logo comportan as cantidades definitivas, e quero facer un pouco de pequena historia-relato do que ocorreu dende que tomamos posesión, alá pola data do 26 de novembro, que logo se constitúe o Pleno de organización o 3 de decembro, que celebramos dous plenos ordinarios, o 19 de decembro e o 30 de xaneiro, e temos que dicir que se fixeron determinadas cousas, cremos que moi importantes. Moi importantes, e temos aquí que agradecer, tanto polo orzamento, polo esforzo desenvolvido polos funcionarios que traballaron ao axuste, temos que felicitalos porque están demostrando a súa profesionalidade. Teño que dicir que o orzamento non se presenta en tempo e forma, en forma si, en tempo non, como é evidente, pero si nun tempo marca, dadas as circunstancias, e estas circunstancias veñen acaecidas, Sr. presidente, Sras.

e Sres. deputados, por distintos efectos, digamos, por distintos traballos, por distintas actuacións, que eu aquí teño que salientar de forma moi breve.

En primeiro lugar prodúcese algo que non se deu nesta Corporación dende a súa constitución democrática no ano 1979, que foi a prórroga do orzamento 2003, que se deu conta, non era de aprobación por este Pleno, pero que se deu conta dentro da Comisión de Economía correspondente. Fíxose a liquidación dos ingresos de recadación, no que temos delegado as competencias por distintos concellos da provincia, por un número moi elevado, nunha época marca, o 21 de xaneiro estas economías estaban nos distintos concellos. Aprobouse un Plan de conservación de estradas, a súa primeira fase, cuns emolumentos que figuran no Pleno do 30 de xaneiro pasado; tamén no mesmo Pleno do 30 de xaneiro se aprobaron inicialmente as ordenanzas fiscais e acabamos de aprobar no Pleno de hoxe esta renegociación importantísima co Banco de Crédito Local para unha mellora nas economías e nos fondos provinciais. Se a isto engadimos que, con toda probabilidade ó longo da sesión darase aprobación aos proxectos singulares, que é unha novidade que neste ano temos por parte do Ministerio de Administracións Públicas, podemos dicir que nos atopamos relativamente satisfeitos, pero que teremos que seguir traballando moito máis e mellor, e facer política de feitos.

Xa entrando e referíndome ao orzamento en si, penso que se entregou a súa documentación na forma correspondente o xoves 5 de febreiro, nunha reunión de voceiros fíxose entrega dela aos voceiros dos grupos popular, nacionalista e socialista; o pasado martes 10, celebrouse a comisión informativa correspondente e hoxe estamos someténdoos aquí á consideración das señoras e os señores deputados.

E xa pasamos a entrar a degrañar un pouquiño este orzamento. Teñen as señoras e os señores deputados unhas relacións, uns gráficos, que mostren a onde van dirixidos os gastos, de forma moi clara, nun diagrama circular e nun diagrama de barras. Pero si queríamos facer unha reflexión moitas veces numérica, insisto en que os números son un pouco fríos, pero que cómpre reiteralos.

O Orzamento provincial da Deputación da Coruña ten un montante de algo máis de 159 millóns de euros, o que supón un incremento de 13,2 millóns, e porcentualmente un 9,06 de aumento. E tocante aos ingresos, eu teño que salientar que o municipalismo, e nisto coincidiremos todos, vimos pelexando porque nesa participación no gasto público sexa, como mínimo, aquela que decidimos todos os grupos aquí na Coruña na asemblea da FEMP, do 50-25-25, é dicir, Estado, autonomía e entidades locais respectivamente. Ende mal, creo que non só non acadamos o 25, senón que estamos máis por baixo del, e agardamos que os novos órganos de representación local freen esta caída que, indubidabelmente, non é boa para os cidadáns nin para os concellos.

Na última asemblea da FEMP, na súa resolución ou conclusión primeira dentro da Comisión de Facendas Locais, aprobouse por unanimidade, tanto na comisión como na sesión plenaria, que non se fora ao 25, senón chegar ao tope do 33%, é dicir, ir ao terzo correspondente ás tres Administracións. A este deputado que está no uso da palabra parécelle unha utopía, pero as utopías son boas, indubidabelmente temos que seguir vivindo delas.

A Deputación provincial é unha institución de clara dependencia orzamentaria. Temos practicamente preto dun 86% onde referimos transferencias correntes ou de capital, que logo se van transformar en distintos investimentos ou transferencias aos concellos para investimentos, prestacións de servizos, etc., é dicir, esta institución non ten unha autonomía orzamentaria adecuada. Temos no capítulo de ingresos, e volvo reiterar, como dixen no debate do 30 de xaneiro, a problemática do imposto de actividades económicas.

O imposto de actividades económicas, que foi eliminado a aquelas empresas cunha facturación superior a un millón de euros, e que sen dúbida agardamos a compensación que se nos debe por parte do goberno de España, da Administración central, que se está facendo de forma mesquiña, non a tempo, e realmente o que agardamos é que non só se faga, senón que logo se teña en conta a compensación polas perdas que poida ocasionar. Non se trata simplemente de eliminar un imposto directo, que é un costume do Partido Popular, porque é máis partidario de pór impostos indirectos, que son insolidarios, senón que se trata logo de compensalo adecuadamente.

Outra problemática foi este ano a nova participación nos tributos do Estado, que aínda que existe unha lexislación aínda non está debidamente clarificada segundo as informacións que recibimos oficiosamente do Ministerio para as Administracións públicas.

Dentro dos ingresos quero salientar que se vai moderadamente ao crédito, para iso baixar esa débeda viva que antes indicaba, baixamos un 5,79%, o que supón unha cantidade de 8.100.000 euros co obxecto de cumprir sobradamente, e reitero, a Lei de estabilidade orzamentaria.

Chámalle a atención a este equipo de goberno a conxelación dos tres, digamos, focos importantes de transferencias de capital que recibe a institución provincial: o Plan de obras e servizos, a Rede viaria local e o Programa operativo local conxélanse, e levamos así tres anos consecutivos sen ningún incremento. Polo tanto, a política do Goberno de España non é nada xenerosa neste aspecto, máis ben podemos dicir que é regresiva. E para pór un exemplo, sen dúbida, nestas reflexións que moitas veces temos que facer, existe un plan que se chama Plan de dinamización da Costa da Morte, onde se vai facer un investimento de algo máis dun millón de pesetas. Miren vostedes, neste Plan de dinamización da Costa da Morte o Estado pon o 22%, a Xunta pon o 29% e a institución provincial pon o 49%. Aquí

trastócanse os datos que dicíamos con anterioridade da participación do gasto público do Estado, trastócanse por completo. E claro, existe logo unha política de propaganda por parte do Partido Popular e nosoutros o que pretendemos é que, á parte de facer propaganda, que se fagan feitos. Nalgún momento esta deputación formulou e vai volver a formular plans estratéxicos, como foi o Plan estratéxico da Costa da Morte, que orixinou a asociación Neria, e unha serie de ingresos e de investimentos e de melloras en distintos aspectos e facetas da vida dos cidadáns da Costa da Morte dos distintos concellos, que está aí á vista.

Quérome referir tamén, antes de entrar un pouco e prudentemente no orzamento de gastos, con respecto ao endebedamento. Temos o aforro neto positivo, isto, efectivamente, non o conseguiu este goberno, isto é unha herdanza que recibimos, pero o que si temos que dicir é que á parte do aforro neto positivo, a débeda viva baixa por primeira vez desde o ano 1996, concretamente redúcese en preto de 260.000 euros, equivalente a 43 millóns das antigas pesetas. Isto é a reflexión co que respecta e acontece ao capítulo de ingresos, que fago en nome do equipo de goberno, e agora referireime aos gastos.

Neses gráficos que teñen aí vostedes ven concretamente a inclinación dos gastos a onde van dirixidos, que se trata de prestar uns servizos máis equilibrados, de facer uns investimentos acordes, de mellorar a conservación de estradas, e que indubidabelmente eu definiría como un orzamento progresista dirixido aos cidadáns da provincia, con base na cooperación e na solidariedade.

En primeiro lugar salientarei a partida orzamentaria de plans e infraestruturas, con algo máis de 35 millóns, e aquí é onde se recollen os principais aspectos ou programas da deputación coma concello de concellos. Recollemos aquí a Rede viaria local con 1.800.000 euros, un pouquiño máis; o Programa operativo local, con 7.700.000, e logo terminar flocos que quedan aínda do Plan 2000 deportes, doutros plans 2000, e como non, o principal Plan de cooperación ás obras e servizos, o POS, que crece un millón de euros e sitúase na cantidade de 21 millóns de euros.

O POS, como digo, establécese cos concellos da provincia, como é coñecido por todos, e síguese a manter, como na corporación na institución anterior a plena autonomía municipal na súa xestión e na súa contratación.

No capítulo de persoal, outra partida salientada, representa o 18,64% e crece un 2,87% con relación ao exercicio 2003, e aquí inclúense as retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario, do persoal laboral, dos políticos e o incremento de acordo en xeral cos orzamentos xerais do Estado, hai unha normativa que a marca a lei, é o 2%. Existe logo o 0,7% de compensación das pagas extraordinarias, que é outra novidade, dado que se están incrementando nas pagas extraordinarias, como ben é sabido, o complemento de destino, que se sitúa do 20% no 40%.

Outras cantidades son para as negociacións coas mesas en distintos aspectos, entendemos que hai que seguir co persoal desta casa unha negociación seria, responsábel e rigorosa, este equipo de goberno esta facendo, e seguirá nesa liña, tanto na Comisión de Persoal coma o Comité de Empresa, que cos que representan aos centos de traballadores que traballan nesta institución.

Sobrancear tamén as partidas dedicadas a educación, cultura e deportes, que representan preto de 19 millóns de euros, o 11,84% do orzamento, e que vou destacar algunhas, sen facerme moi reiterativo, porque coñecen perfectamente as señoras e señores deputados. Non nos temos que esquecer de que existe un programa amplo de asistencia a concellos para transferencias e investimentos de 875.000 euros; para a Universidade da Coruña, un investimento de 575.000 euros; para programas de música, teatro e cinematografía, por preto de tres millóns e medio de euros; para actividades de colaboración coas universidades, tanto de Santiago de Compostela como da Coruña, por 974.000 euros; apoio a fundacións; promoción de asociacións de veciños por 1.138.000 euros, entre outras cousas. Explicar, como dicía ao principio da miña intervención, que moitas das bases xa están publicadas, concretamente as de cultura, deportes, promoción económica, servizos sociais e outras, e que se irá desgrañando o orzamento se hoxe o ratifica esta cámara.

No capítulo de vías e obras quero dicir que se fai un esforzo enorme para que estes 2.200 quilómetros de vías provinciais teñan un bo mantemento e conservación e os investimentos ou o investimento en travesías sexa o máis importante. Sobrancear, e non quero reiterar xa, a primeira fase aprobada, pero si dicilo, por valor inicial de 6 millóns de euros. O Plan VIP de estradas provinciais, a mesma cantidade inicial de 6 millóns e inclúese unha partida importante para as expropiacións, de forma que non só se acometan os proxectos, senón para intentar traballar noutros proxectos de cara ao 2005. No orzamento inicial desta deputación cunha economía de 2 millóns de euros.

Non nos podemos esquecer de promoción económica, que representa o 9,37% e onde recollemos as partes importantes dos parques de bombeiros, protección civil, achega ao consorcio provincial, extinción de incendios forestais, 690.000 euros; programas de limpeza de praias, de acción comunitaria, de fomento ao sector primario e no sector industrial, salientando a achega ao recinto feiral da Coruña, con preto de 2.400.000 euros.

E xa vou resumindo, paso logo a dicir que se asumen economías que veñen programadas anualmente, como indicaba no inicio da intervención, como son o Centro de Artes Escénicas, o Teatro Colón e recóllese unha partida, cremos que importante para recuperar o patrimonio histórico galego, e digamos, atrévome a dicir mundial, como é o dolmen de Dombate, orzaméntanse 600.000 euros para a súa recuperación.

Coma sempre hai unha atención grande á cuestión de servizos sociais, amén dos colexios, dos fogares infantil de Ferrol, Emilio Romay e A Milagrosa, para esta última un pouco menos, dado que como saben todos vostedes está compartida con outras institucións; fanse actividades de apoio e colaboración cos concellos da provincia por cerca de 1,9 millóns de euros; servizos sociais de carácter supramunicipal; transferencias de capital a concellos, importantes cantidades, con novidades, coma outras moitas, ás cales me referín, como son a política de normalización lingüística e as políticas de igualdade de xénero, que son aspectos importantes para subliñar.

Xa vou terminando Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, nesta primeira intervención. Direi que queremos seguir, non mirando a Europa, senón como estamos en Europa, facerse partícipes dos beneficios da Unión Europea. Os proxectos europeos e de formación son outro aspecto importante deste orzamento, e temos que continuar coa asistencia técnica e económica aos concellos. Os Servizos de Recadación, Xestión e Inspección Tributaria que veñen funcionando de forma boa, digamos, moi boa, aparece reforzado neste orzamento e outras economías que están ao dispor nos documentos entregados ás señoras e señores deputados e que, indubidablemente, pasarán a ler.

Antes das conclusións quero falar da emenda que presenta o Partido Popular, entendo Sr. presidente que se vai debater todo conxuntamente. Ben, a emenda fálanos dunha cantidade que creo que son algo máis de 1.200.000 euros, fala dun incremento e dunha dedución no gasto de 1.200.000 euros, din para servizos xerais de educación, cultura e deportes, promoción de actividades, outras transferencias correntes. Ben, eu entendo que isto vén motivado pola mala xestión que fai o Partido Popular nas transferencias en materia deportiva no convenio Xunta-Deputación en materia de deportes, e eu aquí quero facer dúas puntualizacións moi concretas. A primeira é que o equipo anterior do Partido Popular orzou esta cantidade concreta, a que figura na emenda presentada polo voceiro; en segundo lugar quero salientar que andando o exercicio, pouco exercicio, retíranse dela, danse de baixa, 1.112.030 euros para destinalo a outras actividades, é dicir, destinar diñeiro por parte do grupo popular que sostíña o anterior goberno a outras actividades, sobre todo a gasto corrente, a actividades propias da deputación: convenio de actuacións musicais e teatrais, circuío de exposicións itinerantes, premios, concursos e actividades culturais propias, outros gastos diversos, 335.600 euros, premios e actividades deportivas, e soamente para transferencias correntes destinaron vostedes 80.000 euros. Este problema xerárono vostedes, e non se preocupen, é un problema que vostedes crearon e que nosoutros imos arranxar, pero non o imos arranxar con esta emenda que presentan vostedes, vostedes xeraron este problema, nosoutros imos arranxalo, quero dende aquí dar unha mensaxe tranquilizadora ás federacións e aos clubs de que se vai arranxar o problema en 2004 de acordo coas partidas orzamentarias e de acordo coas políticas económicas deste novo equipo de goberno. Pero que quede claro, este problema foi creado polo Partido Popular, non por este equipo de goberno, e de dicir outra cousa porque estamos oíndo e vendo nos

medios de comunicación e lendo distintos escritos e misivas que, dende logo, non teñen ningún senso. Entendo que vostedes queren defender algo indefendíbel, pero entendo tamén que non van polo bo camiño, nosoutros intentaremos solucionar o problema, imos solucionar o problema, e por isto esta mensaxe tranquilizadora con respecto a este tema.

Direi que a proposta que presentan, a emenda, é unha emenda que indubidabelmente acabamos de recibir e practicamente non nos deu tempo nin a estudiala, teñen vostedes outros mecanismos, paréceme que hai outros mecanismos que saben que os hai e que con anterioridade podían presentar nesta cámara.

E xa para terminar, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, estamos ante un orzamento realista, responsábel, austero, un orzamento que intenta favorecer aos cidadáns da provincia, un orzamento que intenta ser obxectivo e solidario e para o cal, en nome do equipo de goberno, pido o voto favorábel. Máis nada e moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

Despois da intervención atinada, completa e detallada do Sr. Lagares, o grupo provincial do BNG quere comentar tamén e dar a coñecer a súa valoración, a valoración que lle merecen estes orzamentos para o ano 2004.

En primeiro lugar queremos lembrar, unha vez máis, que estamos asistindo ao comezo dunha nova etapa política, unha etapa que se distingue das anteriores en que, por primeira vez, o BNG está presente no equipo de goberno, e este feito é unha proba do nivel de madurez que a nosa formación política ten, que está conseguindo representación onde antes non a tiña. O BNG, como digo, está presente por primeira vez no goberno dunha deputación grazas ao acordo asinado co PSOE, con quen formamos unha coalición pensada para mellorar as condicións de vida dos cidadáns e cidadás da provincia da Coruña, e para dar resposta ás súas demandas e necesidades, un pacto firme e sólido entre dúas forzas políticas que fai posíbel que, no día de hoxe, teñamos xa elaborados os orzamentos para o presente ano 2004, sen ningunha dúbida o documento máis importante da institución para o presente exercicio. A rapidez na súa elaboración é unha mostra clara de que as dúas formacións políticas que conformamos este goberno están plenamente dedicadas ao traballo encomendado e que hai unha clara vontade por ambas partes de atender os intereses da provincia.

Non hai que esquecer a limitación real que tivemos, o factor tempo condicionou os presentes orzamentos, pois comezamos o traballo con seis meses de atraso e iso prexudicou o bo funcionamento do organismo, por iso quixemos sacar adiante canto antes o novo exercicio 2004, porque primeiro están os intereses e as necesidades da provincia. É certo que non se aprecia unha variación radical con respecto a anteriores exercicios, pero si están

materializados varios cambios e onde non os hai si existen compromisos. Aparecen así agora, polo tanto, proxectos ilusionantes que eran, por outro lado, un compromiso firme e un obxectivo de ambos grupos. Dende o BNG queremos salienta como novidade uns programas de gran importancia, programas de desenvolvemento local, provincial, estatal e europeo, pero quero salienta, sobre todo, o tema da política de igualdade de xénero, que aparece por primeira vez con case 1.200.000 euros, que é unha área moi importante, posto que, ende mal, aínda hai moito por facer para conseguir a igualdade, e non pode quedar de lado a problemática de moitas mulleres. Coa partida destinada a esta área poranse en marcha plans de acción positiva para o fomento da igualdade en todos os ámbitos da vida.

E como gran novidade tamén aparece unha partida orzamentaria de 550.000 euros para normalización lingüística. Quixeramos incidir neste último apartado. Dende o BNG valoramos moi positivamente que apareza esta partida por primeira vez, pero non debemos de esquecer que as institucións teñen a obriga de coidar e defender a nosa lingua, unha lingua que todos sabemos que está a sufrir un importante retroceso nos últimos anos, especialmente entre a xente nova, e que nosoutros, dende os cargos que representamos, debemos de atender. Non ten senso dedicar cifras astronómicas a restaurar, coidar ou protexer o noso patrimonio, a nosa arquitectura ou os nosos monumentos se nos esquecemos da principal e máis preciosa xoia do noso patrimonio cultural, que é a nosa lingua. Neste senso é obrigado lembrar as palabras sabias de Castelao que nos dicía que o noso idioma é unha obra de arte mil veces superior ao Pórtico da Gloria do Mestre Mateo, creouna o xenio inviolábel do noso pobo e labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións. Unha lingua é máis ca unha obra de arte, é matriz inesgotábel de obras de arte.

Oxalá que a partida destinada para este fin sirva para que moita xente sinta a necesidade de falar galego e que lles axude a tomar conciencia de que se aínda somos galegos e galegas é por obra e graza do idioma.

Polo demais, neste exercicio xa se observa coa inclusión destes temas que comento o cambio de tendencias, dende logo estes cambios apreciaranse máis claramente nos orzamentos do 2005, que xa comezaremos a estudar aproximadamente polo mes de agosto, e que por fin poderá reflectir plenamente o novo proxecto político para a deputación. De todas formas, dende o BNG valoramos que o paso dado é importante, pois aparecen novas responsabilidades, novas áreas e novos proxectos que responden a demandas reais da provincia da Coruña.

Aos orzamentos provinciais para o ano 2004 aplicáronse xa adxectivos como responsábeis, ilusionantes, austeros, realistas ou solidarios, tamén queremos engadir un epíteto máis que é o de sensatos, pois aplicouse dende o comezo o criterio de sensatez. Teñamos en conta que dadas as circunstancias e as condicións en que se produciu o cambio de goberno, podíamos tardar máis en elaboralos, cos conseguintes atrasos que iso implicaría,

e mesmo ata melloralos, pero decidimos pór por diante os intereses e necesidades dos veciños e veciñas da provincia da Coruña antes ca os intereses dos grupos políticos no goberno.

E xa para terminar, desexamos que estes orzamentos teñan o apoio político dos tres grupos con representación na deputación, pois son orzamentos integradores e nada excluíntes. Tamén quixeramos reiterar os nosos parabéns e agradecemento aos moitos traballadores e traballadoras desta casa que fixeron un gran esforzo nas últimas semanas para que no día de hoxe o documento dos orzamentos de 2004 sexa unha realidade, moitas grazas pois a todo o persoal implicado directa e indirectamente na súa elaboración. Agora correspóndenos aos políticos a tarefa de transformar os fríos números en proxectos, en feitos, en obras que axuden a mellorar a calidade de vida nos 94 concellos da provincia.

E para terminar direi que por parte do equipo de goberno actual non nos vai faltar moita ilusión, ánimo, gañas, esforzo e dedicación para tan importante tarefa.

Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Dende o grupo provincial popular a nosa análise dos orzamentos intentará ser o máis obxectivo posíbel, o máis serio e que, en definitiva, intente desvelar cales son os aspectos que máis deben preocupar aos cidadáns sobre estes orzamentos.

En primeiro lugar, son uns orzamentos que cuantitativamente, na primeira impresión, pasan de 146,2 a 159 millóns de euros, un incremento do 9,06%, 13 millóns de euros, pero teñen unhas características internas absolutamente preocupantes dende a perspectiva do grupo provincial popular. Nel obsérvase un incremento dos gastos correntes do 37,57% isto é absolutamente preocupante, como veremos despois, e rompe totalmente a tendencia dos orzamentos da Corporación que presidía o Partido Popular.

Na lexislatura anterior, como teremos ocasión de demostrar produciuse unha contención do gasto corrente, e neste caso hai un incremento absolutamente desproporcionado dese gasto corrente. Pola contra, vemos que os gastos de capital, sumando os capítulos VI e VII, teñen un incremento do 0,17%, pasan de 67,1 millóns de euros a 67,2, a suma dos dous capítulos revela, xa que logo, unha absoluta conxelación dos gastos que realmente xustifican a existencia da deputación. A deputación é unha entidade que existe para atender, fundamentalmente, as necesidades dos concellos, e as necesidades dos concellos substancialmente están en investimentos propios da deputación nos concellos, ou ben en transferencias aos propios concellos.

Dende logo, este é un cambio radical na concepción dos orzamentos, responsabilidade da coalición gobernante. Por iso, a nosoutros preocúpanos esta situación, encontrámonos cunha deputación que deixa de lado o seu papel investidor, en relación cos concellos, e convértese nunha deputación de prestación de servizos, fundamentalmente, actividades culturais e outro tipo de actividades. O investimento, as infraestruturas, as grandes demandas dos pequenos concellos, esquécese, e a preocupación absoluta é incrementar o gasto corrente. Dende logo non é a orientación que o anterior equipo de goberno lle daba á Deputación provincial.

Unha observación que nos preocupa especialmente é a propia confección do orzamento de ingresos do que se refire a unha partida substancialmente importante, estoume referindo á participación de ingresos do Estado.

Nosoutros, cando nos presentan a documentación orzamentaria o Sr. Lagares, non estaba e pedíamola posteriormente, a memoria económico-financeira, e aí vemos que no orzamento de 2004, na participación de ingresos do Estado, que se compón de distintos elementos, un anticipo a conta máis a liquidación, figuran trece mensualidades, as doce previstas para o ano 2004 máis a mensuralidade de decembro do ano 2003, así está claramente expresada. Esta mensuralidade é de 8,36 millóns de euros, equivalente á débeda pública que a Deputación emite. Nosoutros non entendemos esa inclusión e agardamos que se nos dea unha explicación razoábel, nosoutros partimos do que din as normas legais, en concreto quixera referirme á Lei de réxime local do ano 85, que di no artigo 112.1 “As entidades locais aproban anualmente o seu orzamento único, que constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo poida recoñecer e dos dereitos con vencemento ou que se prevexa realizar durante o correspondente exercicio económico.”

Parece absolutamente claro que unha mensuralidade de anticipo do ano 2003 figure no orzamento de 2003 e non no orzamento de 2004, estamos a falar de 1.367 millóns de pesetas, de 8,3 millóns de euros. En contabilidade ninguén pode discutir que sexa un dereito recoñecido un anticipo a conta mensual e, polo tanto, este anticipo a conta debería de figurar no orzamento de 2003 a mensuralidade de decembro e, se como se di na memoria, non se ingresou en decembro, figurará como dereito recoñecido pendente de cobramento. Substraer do exercicio de 2003 esta cantidade e imputala a 2004, supoñemos que se fixo así, non vai precisamente a favor do principio establecido na Lei de facendas locais e na Lei de réxime local. Este mesmo precepto está recollido na Lei 49/1988 que di no artigo 144 que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaránselle os dereitos liquidados nel. Non hai dereito máis firme e máis seguro cá participación en ingresos do Estado, agás que vostedes entendan que a mensuralidade de decembro ao mellor non se podía pagar, iso é inconcebíbel dende un punto de vista de seriedade orzamentaria. E ademais vai en contra da forma de como se confeccionaron todos os orzamentos da mesma

lexislatura, tanto do de 2001 como o de 2002, como de 2003, nos que sempre se consideraron as doce mensualidades correspondentes, de acordo cos principios básicos que existían anteriormente. Isto é de extrema gravidade, estamos falando de 8,3 millóns de euros, estamos falando de 1.300 millóns de pesetas que cambia radicalmente toda a filosofía orzamentaria. De acordo con esta inclusión, indebida ao noso xuízo, no orzamento de 2004, xa non sería unha emisión de débeda de 8,3 millóns de euros, habería que emitir 16,6 millóns de euros para poder equilibrar o orzamento de gastos, ou habería que reducir o orzamento de gastos en 8,3 millóns de euros. Realmente isto é grave e nosoutros agardamos unha explicación de vostedes, da razón por que no ano 2004 a participación de ingresos do Estado é de trece mensualidades, e supoñemos que en 2003 puxeron once, co cal alteran a liquidación de 2003, cando lle correspondía a participación, un ingreso a conta, figurar contabelmente no exercicio correspondente. Realmente isto é de extrema gravidade e vai condicionar o futuro destes orzamentos se non recibimos unha explicación clara.

Dende logo, teñan vostedes en conta que sempre, en dereito orzamentario, compáranse dereitos recoñecidos con obrigacións recoñecidas e non hai dereito recoñecido máis claro cá participación de ingresos do Estado, o anticipo a conta mensual, non estamos falando de liquidación, nin doutros datos, o simple anticipo a conta mensual non hai ningunha razón de carácter legal orzamentaria que impida, que dificulte, que non esixa a súa imputación ao exercicio que lle corresponde, que é o 2003. Estase alterando a liquidación do orzamento de 2003 e o orzamento de 2004, imputando por primeira vez na historia desta Deputación trece mensualidades de anticipos a conta, doce deste ano e un anticipo a conta do ano anterior. Realmente isto é especialmente grave e isto destrúe toda argumentación de vostedes sobre a propia estrutura do orzamento, calquera que sexa a explicación están vostedes inchando o orzamento de 2004 cunha partida que lle correspondía ao ano 2003, con 13 mensualidades, con 8,3 millóns de euros. Realmente isto non está ben, isto é actuar dunha maneira inadecuada e desaparecen todos os argumentos que vostedes utilizaban sobre orzamento realista, cumprimento da legalidade, etc., etc.

Vostedes aproveitan, ou intentan aproveitar que o ingreso dun anticipo a conta prodúcese no mes de xaneiro, que é irrelevante desde o punto de vista de dereitos recoñecidos, para inchar o orzamento de 2004 con esa mensualidade. Non entendo onde está o seu rigor, a súa seriedade e a súa forma de entender a legalidade, nunca vin exemplo igual en ningunha Administración, dende logo, na participación de ingresos de Estado actuar sobre ela desta maneira. Isto, dende logo, daría lugar a que o aforro orzamentario se reducira neses 8,3 millóns de euros e, en definitiva, encontrariámonos nunha situación totalmente distinta da que vostedes presentan, e teño que o dicir con toda claridade, calquera que sexa a explicación, artificialmente.

En segundo lugar, verbo dos ingresos nosoutros queremos dicir que no IAE a preocupación de vostedes será unha preocupación razoábel, pero desde logo analizando a

estrutura do orzamento de ingresos vemos que, sumando os impostos directos que se van percibir das empresas que seguen pagando o IAE, máis a compensación do Estado, orzan para este ano 3.322.000 euros, fronte a 3.100.000, orzados o ano anterior, 222.000 euros máis, esperemos que non só se cumpra esa previsión, senón que se mellore, pero vamos, paréceme que preocupacións polo IAE non deben de ter moitas cando xa prevén este ano recalcar 222.000 euros máis ca o ano anterior.

¿Que estamos dicindo?, que de acordo coa propia elaboración do orzamento realizada por vostedes, os cidadáns da provincia da Coruña van gañar a supresión dun imposto regresivo que ía en contra da creación de emprego e, porén, esta supresión non vai prexudicar aos intereses da Deputación, senón que vai recibir 222.000 euros máis. Paréceme que dende logo é unha operación sumamente positiva, sobre todo para os cidadáns da provincia, e tamén para as arcas provinciais.

Tamén temos que ver de todas as maneiras, positivamente neste caso, as transferencias derivadas de convenios co Estado e coa comunidade autónoma para dinamizar a Costa da Morte que, ao final, non serán moitos, pero son 550.000 euros, como dixo vostede anteriormente na súa intervención.

Teño á súa disposición o informe económico-financeiro de 2002, de 2003 e de 2001 onde sempre se consignou a participación de ingresos do Estado con doce mensualidades.

Imos agora intentar facer, dende a nosa perspectiva, unha análise do orzamento de gastos. Neste orzamento, no capítulo I vemos que o incremento legal establecido é do 2,87%, razoábel, o 2% que se establece nos orzamentos do Estado, a compensación de pagas extraordinarias, etc., etc., non obstante se examinamos o orzamento que vostede na súa análise pasou por aí dunha maneira moi pouco detallista, veremos que unha partida concreta, altos cargos, que corresponde en definitiva ao que deben de percibir os deputados, ten un incremento do 172,48%; non me equivoquei, 172,48%, pasa de 262.400 euros a 715.000. Aquí parece que a austeridade vai cos funcionarios, non dende logo co equipo de goberno, os funcionarios un 2,78%, os laborais un -2,93%, porque hai un reaxuste do cadro de persoal, pero en altos cargos, un 172,48%. Parece que a Corporación actual vai ter unha dedicación absorbente nos órganos de goberno á Deputación, excepcional. Os membros con dedicación exclusiva pasaron de cinco, tres do goberno e dous do BNG a doce, once de goberno, seis do PSOE e cinco do BNG, e un da oposición como temos agora nosoutros.

Na Corporación anterior ningún deputado tiña o nivel 30, non obstante na actual sete deputados teñen o nivel 30 e dous un nivel 28. Hai que lembrar que na anterior Corporación soamente un vicepresidente tiña o nivel 28, nin un tiña o 30. Estamos falando do nivel 30 que representa 63.449 euros, 10.557.000 pesetas anuais, unha cifra considerábel, tendo en

conta que todos os que estamos nesta Corporación traballamos tamén nun concello, todos somos concelleiros, a razón de sermos deputados é representar a un concello, e á parte do que poidamos cobrar, se é o caso, como axudas de custo por asistencia a reunións noutras Administracións, nesta parece que as retribucións son excesivas, sobre todo nun orzamento que se programa de conxelación, de orzamento realista, de orzamento austero, e mencionaron vostedes a palabra austeridade varias veces, terán que reflexionar se queren utilizar de novo esa palabra.

Por outra parte vemos algo que nos parece unha especial preocupación. Na Comisión de Goberno non está constituída polo presidente e os presidentes das Comisións Informativas, na Comisión de Goberno están os deputados, á parte do presidente, que non perciben dedicación exclusiva, é dicir, cámbiase o senso da Comisión de Goberno que é en definitiva o órgano de goberno da Corporación, dos que teñen responsabilidades, e porén están na Comisión de Goberno aqueles deputados que non teñen responsabilidades de coordinación, parece que se transforma a Comisión de Goberno nun premio de consolación, de verdade que iso non o entendemos tampouco.

No capítulo II o incremento cuantitativamente máis espectacular é o deste capítulo, dentro de gastos correntes, con practicamente oito millóns de euros, 7.998.652 euros. Como no capítulo II figuran os créditos de conservación de estradas, nosoutros quixemos excluír esta partida porque iso non é gasto corrente, para nosoutros os gastos de conservación de estradas son gastos de investimento e deben ter esa consideración, excluíndo os gastos de estradas, o incremento do capítulo II é 6.398.652 euros. Realmente é un incremento do capítulo II absolutamente desproporcionado nun orzamento, quero lembrar, que na suma dos gastos dos capítulos VI e VII, investimentos reais e transferencias de capital soamente se incrementa en 100.000 euros en total. Polo tanto, a nosa valoración do capítulo II é substancialmente negativa, absolutamente negativa. Non cremos que esta deputación vaia por ese camiño, vai en contra do que nosoutros predicamos e do que practicamos co exemplo. Vostedes inician un novo camiño non é o camiño do Partido Popular, nin creo que sexa o camiño que demandan os concellos da provincia da Coruña.

No capítulo IV vemos positivamente, algo temos que ver positivamente, a atención dedicada a aulas informáticas e o mantemento de axudas a asociacións de veciños, creo que é unha decisión atinada, creo que son liñas de futuro e liñas de solidariedade, nun caso de futuro e noutro de solidariedade, moi positivos e, simplemente, e temos que pensar que as críticas que recibimos na Corporación anterior por establecer estas partidas agora se demostra que son inxustificadas.

Si non vemos unha razón moi clara, mellor dito non a vemos nada clara, para reducir, por exemplo, á metade a subvención ao Festival Celta de Ortigueira. Parece que este festival, que mereceu un recoñecemento internacional e que creo que contribuiu dunha

maneira notábel á dinamización turística de toda a súa comarca, en definitiva é un acontecemento excepcional, non reciba o tratamento parece que moi adecuado.

Si hai algo que para nosoutros, sinceramente, nos abraiou, non o entendemos, ou si o entendemos, e se o entendemos agardo que vostedes sexan coherentes. Refírome a que no orzamento de 2004 suprimen vostedes o Plan de rexeneración ambiental nos municipios afectados polo Prestige, que tiña un millón de euros de dotación. Soamente pode ter dúas razóns antitéticas, unha das dúas. Ou se vostedes recoñecen que está cumprida totalmente a rexeneración ambiental, nese caso pediríámoslles que lle mandaran unha auténtica comunicación a Nunca Máis para que se decatara, ou ben vostedes non son sensíbeis aos municipios afectados pola catástrofe do Prestige. Eu lembro unha intervención do presidente da Deputación falando deste tema, da preocupación polos municipios afectados para a recuperación, desapareceu do orzamento do 2004. De verdade que nos parece sumamente grave esta desaparición, porque nosoutros cremos que non é que as praias non estean limpas, que si o están, hai aínda que facer moitas funcións de recuperación ambiental, e cremos que non consignar ningún crédito para esta ocasión non é nada positivo.

Tamén vemos outras partidas e queremos sobrancear simplemente neste caso o incremento ao investimento da Orquestra Sinfónica de Galicia, que nos parece ben que se lle conceda unha axuda máis importante á Orquestra Sinfónica de Galicia, pero quizais neste orzamento de conxelación de investimentos, o incremento do 54,87 por cento parécenos bastante importante, quizais excesivo, estamos falando dun incremento de 428.000 euros, unha cantidade moi significativa e, dende logo, parece que neste momento, independentemente de que se chegara a un convenio máis xeneroso de actuación, non debía de ser tan forte o incremento percibido este ano.

Despois vemos que, ás veces, consígnanse partidas que queren expresar unha finalidade boa, pero na vida das corporacións as finalidades boas están apoiadas en créditos, e vemos que se dota un fondo galego de cooperación e solidariedade con 12.000 euros, home, se vostedes o dotan, dóteno cunha cantidade un pouco máis significativa, por favor.

Nosoutros vemos en definitiva, como acabo de expresar, que se conxelan gastos de investimento propio, transferencias de capital, avaliados conxuntamente, non por arredado, as sumas dos dous, e increméntanse moitos gastos correntes, para nosoutros de maneira esaxerada e potenciando algo que poida ser útil dende o punto de vista electoral, ou dende o punto de vista partidario, que hai moitas actividades culturais dando axudas a entidades e asociacións que poidan estar na órbita, máis ou menos, dos que gobernan en cada momento, pero esquecendo que nosoutros existimos fundamentalmente para atender as enormes demandas dos concellos e non, precisamente, orde de prioridade, primeira son as actividades culturais, senón os investimentos e as transferencias de capital aos concellos.

Podo dicir, e dicía antes que imos demostralo, que nos gastos correntes non foi esta a política do Partido Popular cando gobernou esta Corporación. Así vemos que o capítulo II no ano 2001 experimentou un retroceso de 17,35% sobre o ano 2000, eran 18,1 millóns de euros e pasamos a 15; no ano 2002, 16 millóns; no ano 2003, 16,8 millóns, é dicir, no ano 2003 había menos gasto corrente orzado ca no ano 2001, 18,1 no ano 2001, 18,1 millóns e 16,8 millóns no ano 2003. Vostedes neste ano súbeno a 23,2 millóns, rompe totalmente con esta filosofía que mantiña o Partido Popular.

(Abandona o salón o Sr. Torres Colomer).

Nos capítulos VI e VII, eu quería referirme a algúns aspectos concretos, repito que nesta acción global de interpretación e de análise, e quérome referir especialmente a estradas. En estradas propias da deputación, incluíndo gastos de conservación, é dicir, todo incluíndo as propias cantidades previstas para expropiacións, etc., todos os gastos relativos, vostedes programan 16,7 millóns de euros; no 2003 foron 13,5 millóns de euros, é dicir, este ano hai en estradas o incremento de 3,2 millóns de euros. En principio merece a nosa aprobación, todo o que se incremente en estradas, teño comigo ao lado ao Sr. Pose, seguro que lle agrada este incremento, loitou coma ninguén por conseguir un incremento dos créditos de estradas. Agora ben este dato non é tan positivo se lle engadimos outro, suprimíuse a partida de 6 millóns de euros destinada a vías públicas municipais, o programa 511C. Vostedes consideran que os concellos non necesitan apoio para a modernización das súas vías municipais, se algo demandan os concellos, se algo teñen como necesidade é apoio da deputación para os seus camiños, moito antes ca actividades culturais. Suprimiron vostedes a partida, é dicir, que se consideramos a atención da deputación en materia de estradas, sumando as propias e sumando o apoio a estradas municipais, vostedes poñen 2 millóns e medio de euros menos ca nosoutros, esa é a realidade, as cifras están aí. Realmente non é unha política atinada, e os concellos necesitan o apoio da deputación para estradas e non entendemos que haxa ningunha razón que xustifique que se suprima esta partida.

Tamén, noutro ámbito distinto, moito menor pero tamén importante, vemos que en actividades deportivas se manteñen as dotacións nos capítulos II, IV e VII con cambios significativos, como teremos ocasión de comentar ou analizar a nosa emenda, xa sabendo a súa posición, pero non obstante, é dicir, manteñen practicamente a mesma cifra de actividades deportivas no tocante aos capítulos II, IV e VII, pero no capítulo VI, de 6,2 millóns de euros en 2003, pasan a 3,5 millóns de euros, é dicir, menos da metade, no que é o esforzo da deputación en infraestruturas deportivas. Realmente é un tema que merecería unha atención especial e que agardo que vostedes nos poidan explicar.

Tamén suprimiron, dentro desta filosofía a subvención para as instalacións deportivas de Bergondo e, dende logo, falaremos despois do caso das instalacións e clubs, dado que isto estará fundamentalmente incluída no exame que imos facer despois.

Tamén si nos interesa salientar un dato, que non é cuantitativamente importante, pero si creo que é filosoficamente importante. Reducen no 26,48% o crédito destinado a subvención ás entidades benéficas para investimentos. Ben, ese concepto de solidariedade enténdeno vostedes dunha maneira distinta a nosoutros, para nosoutros a solidariedade é algo real, parece que para vostedes quizais sexa máis unha mensaxe e non unha realidade, quizais un eslógan non favorábel sería “Máis actividades culturais, menos axudas para os máis necesitados”, parece que é a bandeira que vostedes queren pór diante.

A min tamén me preocupa neste senso que subvencións singulares como a subvención do Asilo Municipal de Ortigueira desaparecera, parece que hai unha certa preocupación polo Concello de Ortigueira, non sei por que, o pobre asilo municipal non creo que teña a culpa de nada.

Nosoutros queríámonos referir tamén ás súas propias declaracións sobre o sentido e a filosofía que vostedes lle dan ao orzamento da deputación. Nosoutros cremos que vostedes son máis voluntariosos e máis preocupados pola imaxe, pola propaganda, que non na realidade que nosoutros estamos intentando presentar.

En primeiro lugar, como dicía anteriormente e repetín, e creo que dunha maneira moi clara, non é realista, é un orzamento inchado en 8,3 millóns de euros. A austeridade non está, os gastos correntes son os predominantes, é máis dilapidador que austero, nosoutros temos que utilizar tamén adxectivos. E, dende logo, no capítulo de persoal vostedes debían de ter un pouco máis de coidado e de exemplo, non sei como van negociar cos funcionarios incrementos do 2% cando vostedes se soben o cento setenta e pico por cento. Este tipo de negociacións ten que partir de igual a igual, dos que son austeros consigo mesmo, pódennlo pedir aos demais, os que non son austeros consigo mesmos, malamente lles poden pedir aos demais austeridade.

Respectuoso coa legalidade vixente?, ben, nosoutros agardamos a contestación que nos dean sobre este grave tema da inclusión no orzamento de 2004 da mensualidade de anticipo da participación nos ingresos do Estado de decembro de 2003. Despois falaremos de legalidade ou non legalidade.

Hai algo que si reiteraron vostedes e que a nosoutros nos produciu unha sensación estraña. Vostedes dicían, nosoutros asumimos todos os compromisos pendentes da Corporación anterior por importe de doce e pico millóns de euros. Home, non podían facer outra cousa, as autorizacións e compromisos de carácter plurianual están regulados na Lei 13/88 de facendas locais, no artigo 155 e no Real decreto 500 de 1990, artigo 30 e artigo 79-87, está recollido nas bases de execución dos orzamentos, na base 26, en todos os exercicios desta lexislatura; lémbrese que esta base estaba vixente tamén no ano 95. Trátase

polo tanto, dun procedemento e mecanismo habitual utilizado con normalidade por todas as Administracións, polo que non se entende o senso destas declaracións, agás que vostedes pretenderan, para os que non coñecen a normativa orzamentaria, dar unha falsa imaxe de falta de rigor na Administración da deputación polo grupo popular, falsa imaxe que, dende logo, vostedes non dan inconscientemente, senón que creo que deliberadamente. En todas as Administracións públicas, en todos os exercicios de calquera Administración, existen partidas orzamentarias correspondentes a plurianualidades procedentes de compromisos de anos anteriores, tamén como é natural en calquera exercicio, tamén no que a Corporación, non xa é a nosa, senón a primeira de Lendoiro recibiu do anterior presidente da Deputación, que era entón o Sr. Moreda. Máis aínda, nosoutros podemos dicir que no orzamento de 2003 ás veces incluimos partidas que non ían ter unha conclusión total no exercicio 2003, por exemplo, 2,5 millóns de euros para expropiacións, que non prevera expropiacións a ese nivel, pero non obstante permitía avanzar na expropiación de estradas que se ían executar en anos sucesivos.

Polo tanto, o que vostedes asumen respectar son compromisos debidamente aprobados, fiscalizados e contabilizados, e ademais ese importe, por outra parte, en ningún caso está no límite do que a Corporación podía facer, porque estamos falando dun 8% do orzamento, pero dende logo, en ningún caso vostedes podían facer outra cousa, porque se non recoñeceran eses compromisos incorrerían en prevaricación e calquera podía rexeitar os orzamentos por non incluír nos orzamentos obrigacións legalmente contraídas no exercicio anterior. Polo tanto, iso é unha obrigación legal inexcusábel.

Pero, por outra parte, home, en que a Corporación anterior adquiriu compromisos? non vaia ser que esteamos falando e resulta que foran cousas inadecuadas ou investimentos non correctos. Pois foron no Teatro Colón, 3.677.000, no edificio do Centro das Artes, 2.812.000; no edificio administrativo da deputación, 22.000, -estamos a falar de euros-, no Recinto Feiral da Coruña 2.351.000; no convenio coa Universidade de Santiago, edificio Nexus, 550.000; a rehabilitación do Mosteiro de Caaveiro, 436.000; o Consorcio de Parques contra Incendios, 1.000.000; o Plan de instalacións deportivas, 2.230.000; a Rede telemática provincial, 300.000; a certificación de sinatura electrónica, 60.000; o Convenio de urbanización do polígono de Tambre, 240.000, e o convenio do Plan de apoio turístico á Costa da Morte, 416.000. Iso suma algo máis do que dicía vostede, haberá que concordar as cifras, aquí súmanos a nosoutros, 14.097.000, iso comprobando actas de acordos plenarios da deputación no exercicio anterior. É isto irregular?, é isto que mereza solemnes declaracións de que cumprimos os compromisos contraídos coa Corporación anterior?, claro que teñen vostedes que comprometer, son gastos razoábeis, serios, obxectivos, documentados, fiscalizados, aprobados polo Pleno e, polo tanto, nada teñen que dicir, senón como fixemos nosoutros, cando entramos a gobernar e como fixo calquera Corporación cando entrou a gobernar, pediulle a Intervención cales eran os compromisos legalmente contraídos e colleron e contabilizáronos.

Eu, en definitiva, a nosa posición, temos que dicila, vai ser contraria á aprobación destes orzamentos. Creo que intentei e creo que o conseguín, demostrar cousas importantes que non nos satisfán en absoluto e que non poden recibir a nosa aprobación. E, simplemente, sintetizando, en primeiro lugar algo que non comentamos, vostedes subiron as taxas no 3,1%, lémbrese que nosoutros lle dixemos que debían de estar no 2%, e esa subida de taxas, home, hoxe temos a nova de que a inflación interanual de xaneiro é de 2,3%, se se mantén ese ritmo de inflación resulta que vostedes van cobrar un incremento de taxas superior á inflación real. Mellor sería que se apuntaran ao 2% que está nos orzamentos xerais do Estado e que a inmensa maioría das corporacións cumpriron.

Non podemos aprobar pola forma en que vostedes elevaron os soldos dos membros do equipo de goberno, as retribucións ou gratificacións ou indemnizacións, como as chamen, as contías que perciben os membros do equipo de goberno nun 172% sobre o exercicio anterior.

Non podemos aprobar polo incremento esaxerado de gastos correntes, dun 37 ao 57%, nin porque isto implica tamén unha conxelación dos gastos de operación de capital que soamente sobe conxuntamente un 0,17% a simbólica cifra de 100.000 euros.

Tamén non podemos aprobar polos 6 millóns previstos para estradas municipais no exercicio anterior que desapareceron neste orzamento, nin pola supresión dun millón de euros para rexeneración ambiental. En definitiva, tamén a redución do crédito para investimentos en actividades deportivas e tamén, sinceramente, nestes casos simbólicos é unha falta de sensibilidade social para os máis necesitados.

Por esta razón o noso voto para os orzamentos vai ser negativo.

Tocante á emenda, se lle parece termino a miña intervención, con respecto á emenda formulada por nosoutros sobre o restabelecemento do crédito destinado a clubs e asociacións, nosoutros non discutimos nunca que en abril do ano pasado, antes das eleccións, un mes antes das eleccións, houberamos feito unha transferencia que quitara crédito a esta partida, a razón era moi sinxela, pode ser que nos equivocáramos, non íamos prever o resultado das eleccións, non o sabíamos, confiábamos en continuar gobernando esta Corporación, que a ninguén lle estrañe isto, vostedes están gobernando por unha carambola, están gobernando, e teño que dicilo hoxe, por sacrificar a D. Ventura Pérez Mariño en Vigo. Ese pacto de última hora está aí, é unha realidade, vostedes non sei se teñen memoria de como se produciu a toma de posesión desta Corporación, a votación de investidura. Polo tanto, non pensen vostedes que nosoutros estabamos moi desencamiñados.

Nosoutros sabiamos que o convenio coa Xunta de Galicia, que era como se instrumentaba, ía tardar varios meses e o que fixemos foi, simplemente, retirar a partida, o crédito, para volver a darllo despois. Cando se produciu o cambio de goberno na Corporación provincial, o meu compañeiro de grupo, Carlos López Crespo, falou co Sr. presidente da Deputación, dicíndolle a situación, dicíndolle que nosoutros tiñamos créditos suficientes para facer unha modificación orzamentaria, pero que dado que esta partida vai ser minorada, tiña que ser aumentada por acordo de Pleno, e o acordo de Pleno requiría, non maioría, que a tiñamos, senón exceder do concepto de gastos ordinarios. Como se nos dixo que non se estaba disposto a aceptar que, por excepción a ese principio se puidera levar a un Pleno porque era unha razón de legalidade, nosoutros aceptamos o criterio de legalidade, pero tiñamos a vontade política de incrementalalo e tiñamos créditos suficientes para facelo, foron vostedes os que nos impediron resolver o problema nese ano. Alegaron unha razón legal, nosoutros respectámola, pero moralmente vostedes quixeron, diría eu, ferir ao Partido Popular a costa das asociacións deportivas e as asociacións deportivas non merecen que se xogue con elas, non son o pim pam pum do xogo dos partidos políticos, vostedes xogaron ao pim pam pum coas asociacións deportivas, nosoutros quixemos resolvelo, tiñamos créditos suficientes e tiñamos a vontade de facelo, vostedes non nos deixaron, podían facelo. Se vostedes dixeran que si, a Intervención aceptaría á Secretaría que fora a un Pleno durante o período deses meses longos que sucederon ata a transmisión da Corporación.

Neste ano, nosoutros en febreiro, a primeiros de febreiro, a primeiros deste mes, pedimos que fixeran vostedes unha transferencia neste senso, que fixeran unha modificación orzamentaria aínda co orzamento prorrogado, nosoutros dariámoslle toda a aprobación, coa unanimidade da Corporación podíase facer con base en remanentes que quedaron do exercicio anterior que había e fundamentaban a ampliación do crédito.

Agora presentamos esta emenda, vostede non a acepta?, moi ben. O único que me parece satisfactorio deste debate é que por fin recoñeceron que non se pode xogar a pim pam pum cos dereitos de xente que está ilusionada traballando polo deporte e que non ten dereito a que os partidos políticos o utilicen e nosoutros non os utilizamos, nosoutros non os utilizamos, demostrámolo. Todo o que dixen é certo e hai aquí os interlocutores que saben que é certo e que asistiron ás conversacións, e esa realidade está aí.

Polo tanto, disto, paréceme moi ben que vostedes non acepten a emenda, tennos sen coidado. Nosoutros o que queremos é que os clubs perciban esas cantidades, iso é o que nos interesa. Polo tanto, aplaudimos a súa decisión de que -da forma que vostedes queiran, vendéndoo como queiran, a min iso dáme igual-, que os clubs e entidades deportivas perciban esas cantidades porque as teñen gastadas, porque contaban con elas e que son deles.

Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Trataremos de ser moi breves. Antes de nada, Sr. Rodríguez, non sei se fala a título persoal ou en nome do Partido Popular. Dígolle que as carambolas son do billar, isto é unha cámara de representación do pobo, do pobo da provincia da Coruña, se vostede nos quere retrotraer a outras épocas, está apañado. Vai perder vostede a carambola, isto non é ningunha carambola, isto é un pacto de goberno de progreso e vostedes están nos bancos da oposición para facer leal oposición e non para dicir mentiras e falsidades que lle vou desmentir a continuación.

Non nos veña vostede aquí a dicir elementos que non teñen nada que ver. Se vostede cre na democracia orgánica, váiase a outro lugar, que aquí se practica outro tipo de democracia. Esta Corporación, e díxoo vostede, dicía “esta Corporación era de Lendoiro, era nosa, agora é vosa”, esta Corporación é do pobo, é do pobo, representa ao pobo da provincia da Coruña de maneira indirecta, e de carambolas nada, Sr. Rodríguez. Vostedes están fastidiados, este é un pacto que funciona rigorosa e coherentemente.

E agora vou intentar degrañar a súa intervención. Vou empezar dicíndolle que, por favor, faga coma os frades *ora et labora*, nin se decatou de que se prorrogou o orzamento de 2003, non se decatou, aínda está sen decatarse. Con respecto a esa partida que dicía de ingresos, esa partida ten o informe dos servizos técnicos desta casa, decátese, o orzamento 2003 foi prorrogado, e nese orzamento non se podía facer o expediente de modificación de créditos ao que vostede se refire. Que fixeron vostedes?, pois mire, vostedes por desidia, por abandono, por electoralismo, transformáronse nun grupo pufista, estafaron as subvencións das federacións e os clubs, isto hai que dicilo así claramente, e vostedes son os responsábeis deste desaguisado, que fixeron?, gastaron, pero é que agora é máis grave o que presentan porque claro, presentan alegremente uns papeis que non sabe nin o que presentan, presentan uns documentos que non saben, por exemplo nesta modificación, que propoñen eliminar a enquisa de infraestructuras das entidades locais, sabe que intentan eliminar unha destas partidas que a colleron aleatoriamente? porque non traballaron o orzamento.

Pretenden vostedes eliminar os convenios coa Universidade da Coruña, Sr. Rodríguez; propoñen vostedes eliminar os premios Torrente Ballester de narrativa, González Garcés de poesía, o premio Murguía de historia, o premio Ksado de fotografía e o premio Dieste de teatro, con esa emenda, mire que emenda máis preciosa. Pretenden vostedes anular as viaxes dos xoves da provincia; pretenden vostedes aminorar a achega da deputación de subvencións ou programas deportivos dos concellos. Esta emenda é un auténtico ataque ás necesidades da provincia, e vostedes, que non cumpriron agora quérennos cargar ese morto a nosoutros. Mire, cumprirían vostedes, vostedes fixeron algo

electoral e agora están intentando confundir ás federacións e aos clubs, a xente non é torpe nin é tonta. Estas trabucadas do grupo popular parece mentira que se digan aquí e que se diga en voz alta e, sobre todo, o que se pretende é enganarnos de novo cunha emenda que se ten en pé.

Tranquilidade para as federacións e os clubs, cumprírase, solucionaremos o desaguado que montaron vostedes en 2003.

Eu entreguelles uns diagramas, non sei se os viron ben, ademais van moi ben en cores, un en barras e outro circular, eu supoño que o mirarán, e que mirarán o orzamento, porque realmente téñolle que dicir que o orzamento non o miraron nin polo forro. E á parte que as mentiras radican en algo onde é máis doado facer a demagogia, que é no tema de persoal, nese é máis doado facer a demagogia, e vostede aquí di que temos non sei cantas dedicacións exclusivas, non sei canto... Iso é mentira, o que dixo vostede, iso é unha solemne mentira, e agardo a seguinte intervención para dar-me algún dato porque vostede contabiliza como lle sae a vostede a conta sen contar as asistencias. Que ocorría con anterioridade?, que os deputados do PP non tiñan dedicación exclusiva na deputación por unha razón moi simple, porque cobraban nos seus concellos uns bos honorarios e aquí cobraban unhas excelentes axudas de asistencia. En resumo, o diñeiro vén de todos os españois, e vostedes cobraban máis, é unha pena que non teño a conta feita e non me atrevo a dicila, pero si lle digo unha cousa, minte, por unha razón, porque os deputados con dedicación exclusiva agora cobran máis, pero as asistencias a órganos colexiados baixaron sensibelmente, e teño que lle dicir dorosamente que mente, e dígollo co máximo respecto, pero que miren os números, que non falen dese 172%, pero ben, vostedes que contas fan.

Á parte fala da beneficiencia, volvo á época anterior, fale de benestar social, por favor, a tómbola de caridade que había en Betanzos desapareceu hai tempo, por favor, Sr. Rodríguez, por favor. Vostedes especialistas en desmantelar o estado de benestar social en España quérennos dar aquí leccións a este goberno de progreso de como hai que tratar os servizos sociais, mire, eu creo que é mellor que colla o lapis ou o bolígrafo, que o afile mellor e que lle saque punta adecuadamente.

O tema de persoal menten con todo rigor e absoluto, agás que me dea datos concretos, non lle vou volver a responder, simplemente que menten e teño aquí os datos emitidos adecuadamente polos técnicos desta casa, igual ca os informes sobre os ingresos, que aínda non se decatou que se prorrogou o orzamento. Por certo, revise os artigos que nos acaba de dar aquí de lexislación porque algún está caduco, que se modificou a Lei recentemente de bases de réxime local, míreo ben, repáseo hoxe ao terminar o Pleno porque nos acaba de falar con toda probabilidade dalgún artigo que non existe.

E vou entrar pormenorizadamente a responder a súa intervención, unha intervención que non saíu para nada o tema dos orzamentos, porque hai partidas que fala delas que non existen, nin existiron. Mire esa partida que fala de camiños municipais, mírea ben, non se equivoque, está confuso, está confuso como na emenda que presenta, mírea ben. Falan de que crece o gasto corrente, claro que si, claro que si, crece o gasto corrente, por que crece?, e ademais hoxe é venres trece, a ver se nos vai vir o virus informático porque, dende logo, o sistema informático que deixa vostede aquí dentro da casa, así coma o dos concellos é aceptábel, o que deixa aquí dentro da casa é bastante malo, é bastante malo. Se quere logo sobe ó meu despacho, ensínolle o que teño eu concretamente e verá a modernidade do que vostede presumía. Pero quero dicirlle que se vostedes non queren que se conserven as vías provinciais porque vostedes nunca creron niso, nunca creron niso porque non o aplicaron, seis millóns de euros, se vostede non cre en que hai que reforzar a xestión e cooperación tributaria, un millón de euros, se vostede non cre que o Servizo de Asistencia a Concellos, que emendan e queren retirar a enquisa de infraestruturas, 300.000 euros; se vostede non cre na política de igualdade de xénero, eu alégrome de que votasen a declaración institucional sobre o alcalde de Toques, ou algún presidente dalgunha comunidade autónoma que acaba de rectificar, acaba de rectificar, isto vai no capítulo II; se vostede non cre no galego, na normalización lingüística, pois tamén está mal o gasto corrente; se vostede non cre que a deputación non ten que facer música, teatro e cinematografía, tamén está, non crea no gasto corrente; se vostede non cre nas actividades deportivas programadas dende a institución provincial que vostedes furtaron ás federacións para incrementalas tampouco crea no gasto corrente, se vostedes non cren nos servizos sociais de carácter supramunicipal, é curioso, criticánnos porque son poucos e vostede di que crecen moito no capítulo II, que son 831.000 euros, pois tampouco crea no gasto corrente, sabe? Se vostede non cre na xestión catastral, e reitero niso e así o reflectiu o presidente na súa toma de posesión, pois mire vostede, vostede non crea tampouco no gasto corrente.

E, sobre todo, mire as cifras, que segue téndoas mal. Isto que lle acabo de dicir suma 13 millóns de euros, entenda ben o que é o gasto corrente, que aínda non entende o que é o gasto corrente. Lea as intervencións que faciamos algún deputado e que dicíamos que o mantemento e conservación de estradas e outras cousas non había que incluílas no gasto corrente, que hai dúbidas mesmo entre os técnicos de xestión local para isto, polo tanto, o gasto corrente déixeo tranquilo, ten unha cifra elevada, pero claro como vostedes non queren que se fagan enquisas aos concellos e queren suprimilo por esta emenda, ou que os nenos da provincia non vaian a algunhas actividades de tipo cultural deportivo, pois claro, que queren?, facer demagogia porque veñen aí unhas eleccións e dicir, “ah, estes socialistas e nacionalistas non lles pagan ás federacións e aos clubs”, empecemos a falar un pouquiño en serio, sexamos rigorosos e deixémonos de tonterías. Iso con respecto ao gasto corrente.

Con respecto aos capítulos VI e VII sume ben, por favor, sume ben, son 69.557.782 euros en 2004 e 67.088.351 en 2003. Isto significa que incrementa preto de

dous millóns e medio de euros, 2,5 millóns. Posibelmente a vostede o despiste unha cousa, mire que o Recinto Feiral da Coruña non vai no capítulo VII, mire que vai no capítulo VIII, mire ben esas cousas, que son esas cousas que non traballou ben, e claro, vén aquí, como non ten discurso, vén aquí dicir cousas que non se manteñen en pé. Polo tanto, insisto, no capítulo VI e VII que tome vostede perfectamente nota e que se revise iso.

Curiosamente hoxe se lle acaba de dar coñecemento a este Pleno da liquidación do orzamento do ano 2003, con respecto a esa cantidade que vostede falaba dela, de transferencias por participación en tributos do Estado, revise ben as cousas, revíseo ben perfectamente. De non saber os mecanismos que hai, até chegou a falar da palabra prevaricación, mire, non o quería sacar, pero vouno sacar, non era a miña intención sacalo. O día 13 de novembro houbo unha reunión da Comisión de Seguimento do Polígono de Tambre, e aquí se adoptou un acordo onde estaba vostede presente. Xa nos explicará en que consiste este acordo porque nos servizos da casa non hai ningunha nota, pero si o que hai é un reformado dun proxecto por valor de 480.809,68 euros Ive incluído, e que nos gustaría saber, isto quería preguntar a título persoal, pero non me queda máis remedio que facelo aquí nesta cámara para que vostede nos ilustre, porque sabemos todos que había un convenio que dicía dunhas achegas concretas, queremos saber se vostede ten que achegar á deputación, aquí os servizos non sabemos nada, aquí os servizos non saben nada, así que vostede aclárenos isto, porque isto é o 13 de novembro do ano 2003, 13 días antes de constituírse a Corporación provincial, simplemente como aclaración.

Como non imos estar preocupados, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, e vou intentar ser o máis breve posíbel, como non imos estar preocupados polo imposto de actividades económicas, de momento en base decimal unha máis unha son dúas e o imposto de actividades económicas do ano 2003 non recibimos o que tiñamos que recibir como compensación, e no orzamento de 2004 temos que facer a previsión orzamentaria, logo chegaremos a falar a ver como se fai esta compensación, porque o período económico incíase aquí, pero hai que desenvolverlo.

Falaban de que é un imposto regresivo, estamos de acordo parcialmente coa supresión do imposto de actividades económicas, pero xa lle dicía na miña intervención que vostedes son especialistas en cargar impositivamente aos cidadáns de España de impostos indirectos, que son os máis insolidarios, acaban de facelo na Xunta de Galicia co imposto de combustíbeis, acábase de facer na Xunta de Galicia, curiosamente para paliar algo que eu creo que é moi necesario, e que é unha problemática que demostran vostedes que non a cumpren ben, que é a sanidade.

E outro tema, dende logo, o que me parece lamentábel por parte de todo o Partido Popular é que o debate do 3 de decembro onde se organiza esta Deputación e emiten un voto de abstención, que non miren as cousas, e emitiron un voto de abstención. E logo o

equipo de goberno deulles a vostedes todas as facilidades para redistribuír as economías do persoal eventual, todas as facilidades, polo tanto tomen nota destas cousas, que non son serias, nin son rigorosas.

Vexo que non lles gusta a Orquestra Sinfónica de Galicia, teño que dicirlles que son un gran seguidor dela, establececerase un novo convenio, un convenio de forma pedagóxica, didáctica, moito máis amplo, creo que está actuando en distintos currunchos, ben completa ou ben por partes, e que o está facendo de marabilla, é un orgullo, neste momento creo que está na Comunidade Canaria facendo unha xira e desexamos que teña os éxitos que se merece, pero tamén merecía algo máis.

Sr. Rodríguez, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha cota, unha cota que se aboa como a FEMP, a FEGAMP, etc., etc., por iso lle digo que non mirou ben o orzamento. Iso é unha cota de participación da deputación. Non mirou a partida que vai dirixida ás ONG, para a segunda intervención agardo que ma diga canto é, porque iso si é solidariedade, agardo que ma diga, eu non llo vou dicir a vostede, dígolle que isto é unha cota, como a cota da FEGAMP ou da FEMP, os 12.000 euros.

Falan de que no ano 2001 se mantiña o gasto corrente, en 2002 e non sei en que anos máis. Mire, vostedes son expertos en facer trampas orzamentarias e as trampas orzamentarias son pór no orzamento inicial moi pouca cantidade no capítulo II, para logo ir incrementándoo no expediente de modificación de créditos e así chegar a un crecemento esaxerado do gasto corrente, iso é o que fan vostedes, pero nosoutros, humildemente, imos entendendo algo e entón, que facemos?, mire, nosoutros poñemos os seis millóns de euros para conservación de estradas no orzamento inicial desta deputación, no orzamento preventivo desta deputación, e que logo se incrementara, con toda probabilidade, porque os orzamentos non son estáticos, non son cerrados, son orzamentos dinámicos.

E falou de alguén que xa me sorprende, falou de que suprimimos non sei que en Bergondo, creo que se confundiu de concello, posibelmente, en Bergondo, falou de Bergondo, ou eu entendín mal ou vostede se confundiu de concello. E claro que asumimos todos os compromisos pendentes ¡como non!, vostedes fixéronnos 14 millóns de euros de orzamento, eu creo que mereceríamos un voto favorábel por isto, eu creo que este orzamento xa merecía un voto favorábel por iso. Pero, dende logo, hai varios conceptos que teñen vostedes que reflexionar e facer ben as contas. É grave algunhas palabras que se dixeron, eu falo de trampas orzamentarias, non que vostedes son tramposos, que é completamente distinto, non é igual ser da aldea que ser aldeán, coidado, non vaíamos confundir os termos, poñamos os puntos adecuadamente sobre os ís cando corresponden. E pola propaganda, curiosamente a propaganda é algo que caracteriza ao Partido Popular, que ten aí unha propaganda do Plan Galicia, por certo, eu referíame algo a un Plan de dinamización da Costa da Morte, Sr. Rodríguez, ou non o viu, e viu que era o 22% o

Estado, o 29 a Xunta e o resto a Deputación, isto é unha mesquindade, todo está en intentos, en proxectos, en declaracións de intención, iso si que é propaganda. Dígolle que a propaganda da deputación tamén está no capítulo II, mire ben esa partida, mantense exactamente igual, non se incrementa ningún euro, mantense igual, non sei se se refería á política de propaganda ou á propaganda que nos fai o Partido Popular pondo letreiros, pondo letreiros por todos os sitios, Plan Mega de Galicia e plan non sei cantos, e logo non funcionan e hai apagóns, esas son as mellores.

Insisto en que se trata dun orzamento que vai orientado cara a provincia e que imos intentar desenvolvelo co máximo rigor, coa máxima obxectividade e coa cooperación de todos os concellos, de todos os cidadáns, inspirados na solidariedade.

Máis nada de momento, moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. presidente, a intervención inicial do Sr. Lagares de verdade que me pareceu un símil dunha corrida de touros na que ao touro se lle pega unha pica e entón sae desafortunado, perdón, con toda cordialidade. De verdade, Sr. Lagares, a súa contestación foi unha cousa singular, que se eu falaba en nome propio ou en nome do Partido Popular, que se nosoutros queríamos voltar a épocas anteriores, mentiras e falsidades, democracia orgánica, pero, a que se estaba referindo vostede? Vostede está equivocado, Sr. Lagares, cambiou de escenario, a nosoutros iso simplemente nos fai pensar que vostede está desfasado. A nosa realidade democrática, o noso exercicio democrático non é nin mellor nin peor ca o seu, pero dende logo non peor, e se vostede pretende que a nosoutros se nos tache de antidemocráticos vai vostede de lado.

Unha persoa coma vostede, que lle gusta ser ponderado e gústalle utilizar..., quizais ten un inconveniente, é moi doutoral, parece que nos está dando clase, esquézase, en democracia non nos vai gañar, eu respecto ás institucións non nos van gañar, en dereito e en defensa da Constitución non nos vai gañar, por aí esquézase vostede, e se ten esa linguaxe, busque a alguén a darlle, non a nosoutros, nin nos preocupa que o diga vostede, nin nos preocupa.

A vostede molestoulle unha referencia á forma como se constituíu esta deputación, ben, eu entendo que lles moleste, pero é a realidade e a realidade foi así e está nas hemerotecas, nos medios de comunicación, está en todos os lados, parece que non se pode mencionar, que é prohibido, pois non é prohibido, vostedes teñen que asumilo tamén, non pasa nada, non dixemos que mataran a ninguén, nin que asasinaran, nin que foran antidemocráticos, non utilizamos con vostede os cualificativos cos que vostede pretendeu dirixirse a nosoutros, pero que dende logo nin nos atangue, nin nos preocupan. Dixemos

unha verdade, a verdade, a palabra pode cambiarse se quere, non teño inconveniente en cambiar a palabra se non lle gusta, pero que a constitución desta Corporación veu precedida de algo que non afectaba a esta, a unha serie de circunstancias externas que non tiñan nada que ver con isto, e que de térense producido doutra maneira, nuns momentos os resultados serían doutra maneira, está aí. Moléstalles que llelo lembremos?, por que?, se todos o saben.

Despois vostede está moi acostumado a utilizar palabras que poden parecer ofensivas a outros, a nosoutros non, que diga que dicimos mentiras, que non lemos os orzamentos, que non nos decatamos de nada, ben, oia, está vostede no seu dereito, isto ata en calquera Corporación democrática un ten que oílo e dicir, “ben, se vostede o cre así, alá vostede”; nosoutros utilizamos datos, utilizamos cifras e hai unha realidade, a realidade que é moi testuda, que vostedes incrementaron moi substancialmente nun 174% os gastos de altos cargos no orzamento, na partida orzamentaria correspondente, está aí, pero no orzamento inicial, comparado co orzamento inicial iso non ten ningunha explicación distinta, é inútil que vostede intente transmitir aos medios de comunicación que iso non é certo, os datos están aí, unha partida suma unha cantidade e outra suma outra. Despois, como é natural, estamos ao seu dispor para contrastar os datos, aí están as cifras iniciais do orzamento, grazas a Deus, non só a nosoutros senón os pequenos, pequenísimos servizos técnicos que temos son bastante eficientes.

Quería referirme, antes de esquecerme a súa diatriba con respecto á nosa proposta de modificación orzamentaria, quizais teñamos un defecto, eu persoalmente non sei o que encobre o concepto de gastos diversos. Porque claro, vostede di, “gastos diversos, suprimen a enquisa de infraestrutura local”, home, pois ao mellor estaba aí, pero o que di a partida é gastos diversos, non di outra cousa, fomos á partida onde non había especificación de destino orzamentario, se efectivamente incumpre ou se pretende suprimir a enquisa de infraestrutura local ou os premios da deputación, obviamente nosoutros non queremos suprimir iso, pero quizais a estrutura orzamentaria está confusa, pero dende logo non está na estrutura orzamentaria nin o Premio Torrente Ballester, nin as excursións dos nenos nin ningunha das cousas que menciona vostede, aí fala de gastos diversos, que quizais é o concepto que máis se incrementa no capítulo II, concepto indeterminado, que permite encaixar calquera cousa. Ben, se vostede di que está iso, está, pero podía estar outra cousa distinta. Polo tanto, non intente desmerecer a nosa emenda sobre unha suposta intención nosa de ir en contra de adxectivos que nosoutros, como é natural, compartimos, pero non é a especificación que ten aí.

Reitero o dito anteriormente, a nosoutros o que nos interesa é que os clubs e asociacións cobren, polémica resolta, para que imos discutir con vostede?, é o que queríamos, é o que intentamos, moi ben. Vostedes non atenden á nosa emenda ou resolver simplemente con cargo a remanentes, pois perfecto, nada que dicir.

No tocante ao que mencionaba vostede sobre partidas de beneficencia, solidariedade social, home é o nome co que estaba na partida orzamentaria, non é nome meu, así estaba identificada na partida e ese nome mencionamos, non mesture vostede unhas cousas con outras.

Si me preocupa que vostede, dalgunha maneira, pense que, ao mellor, nin os medios de comunicación, nin moitos dos deputados, son expertos en dereito orzamentario, é certo e non teñen por que selo, pero dicir vostede que o concepto de dereitos recoñecidos se cambiou, iso si que é grave. Os orzamentos son a expresión dos dereitos recoñecidos dunha corporación e das obrigas que a corporación pode recoñecer e consígnanse nos orzamentos. E o concepto de dereito recoñecido é o concepto dun dereito, entendendo por tal unha cantidade que lexitimamente se ten dereito a cobrar, e que está comprometida a través dun instrumento xurídico, sexa un convenio, sexa un contrato, sexa unha concesión, sexa, neste caso, a participación en ingresos do Estado. E, polo tanto, vostede non discutiu, porque non se atreveu, porque non pode, que é o orzamento de 2004 haxa trece mensualidades de participación en ingresos do Estado, co cal no orzamento de 2003 quedarán once. E que nosoutros entendemos que dereitos recoñecidos é o termo absolutamente correcto para recoller un compromiso firme do Estado a través dun anticipo en entidades mensuais. E que esa mensualidade máis é de oito millóns de euros, e é unha mensualidade máis que permite para vostedes presentar un orzamento cunha débeda de oito millóns de euros, en vez de ter que presentala con dezaseis, se queren manter o orzamento de gastos. Pero, vamos, dicir que o cambio da Lei afecta a un concepto substancial, vertical, frontal do dereito orzamentario, como é o principio de anualidade orzamentaria e que nun orzamento deben recollese os dereitos que se recoñezan e as obrigas que se recoñezan nese exercicio, pretender que iso está cambiando, si que é ignorancia, iso é ignorancia e non utilizo os cualificativos que utilizou vostede porque imos serenar un pouco o debate e imos presupor que vostede non tiña eses coñecementos orzamentarios que por outra parte, non hai porque esixilos.

E nosoutros miramos ben as partidas e nosoutros, cando falamos de algo, falamos documentados. Nosoutros, cando falamos dos seis millóns de euros falamos, en concreto, o que se suprimiu para os concellos é o programa 511C, a partida 762, o concepto 762, que estaba con seis millóns de euros, e que agora non ten nada, iso é o que nosoutros dicimos; programa 511C, vías públicas municipais, transferencias a concellos, concepto 762, iso é o que dicimos aí.

No que falaba vostede dos gastos de persoal é obvio que en calquera Administración, non só nesta, por lei, os deputados que están en dedicación exclusiva non cobran axudas de custo, punto, pero a retribución que cobran é a que dixer, e iso é verdade, e iso é o que pon o orzamento, non dixer algo que non fora certo, todo o que dixer é certo. Que imos percibir os que non estean en dedicación exclusiva, ao mellor, menos axudas de

custo porque hai máis de catro convocatorias de comisión, que son as normais por outra parte, e que non se cobrarán máis ca catro, pois moi ben, pero iso non ten nada que ver con percepcións de 10.550.000 pesetas anuais, iso é o que é, pode que non lle guste, pode que non lle pareza elegante, pero isto é unha cámara e a cámara ten que dicir as cousas e falar das realidades e dos conceptos que aos cidadáns lles preocupan.

(Abandona o salón o Sr. Campos Fernández).

Parece que a vostede non lle gustou a miña intervención e intentou personalizala. Eu creo que o labor que se está facendo na deputación no que se refire a informática, tanto municipal, que vai ser pioneira en España e que vai ser un logro desta Corporación, porque é a que ten que terminala, porque está empezada, está a medias, ou a informática da propia deputación, que está sen terminar, que até o mes de abril está o contrato coa empresa e, polo tanto, haberá que formular posicións sobre a informática da deputación cando estea terminado o que se está a facer, veremos despois se o sistema informático da deputación é bo ou non, eu agardo simplemente ao mes de abril a que estea terminado, e non teño inconveniente ningún en maio, vostede e eu, que nos sentemos a ver como funciona o sistema, non agora obviamente, que están traballando e, polo tanto, están na parte substancial de integración de información, e vaino terminar vostede, non eu. Esa é a característica das corporacións, uns inician o traballo e outros termínanos, e a todos ten que parecernos ben o que se fai, e louvar aos que son capaces de recibir un traballo e terminalo, e non destruílo, iso é un éxito de vostedes, non destruír un traballo nin un investimento, senón convertelo nunha realidade e convertelo nunha realidade rendíbel, e ese será o seu mérito, e nosoutros recoñecerémosllo con toda claridade.

Nosoutros, se por algo nos caracterizamos, é por reforzar a cooperación tributaria cos concellos, reforzar o servizo de cooperación tributaria -vostede sábeo-, reforzar os apoios aos concellos en materia tributaria, pór un novo sistema informático que permita a cada concello coñecer o estado da súa recadación, sen necesidade de preguntarlle para nada á deputación, incrementar o número de concellos, incrementar o número de servizos e, dende logo, parécenos especialmente ben esa actividade.

E repito que cando acudiamos a un concepto de gastos diversos, aínda que isto sexa unha polémica innecesaria, e a benevolencia do Sr. presidente en darnos tanto a palabra, tampouco nosoutros podemos ser excesivos no uso dela, obviamente non imos ir en contra de algo que propiciamos e que levamos por riba de todo.

Na comparación dos capítulos VI e VII teño que lle dicir tamén, con toda claridade, que nesa comparación, xa excluimos ao recinto feiral. No capítulo VI e no capítulo VII tiña 32.125.381 e 3.962.970, e ten agora 37.341.000 e 29.364.000 e a suma dos dous é esa cantidade, excluimos o recinto feiral desa cantidade, exclúese expresamente o recinto feiral

porque ese recinto feiral pasaba ao capítulo VIII. Eu non teño inconveniente en darlle a vostede, e se é preciso aos medios de comunicación, a comprobación exacta desas cifras, excluído o recinto feiral, que simplemente expresa que na suma dos dous hai un 0,17% de incremento, e esa é unha realidade, a min nas cifras non me gusta discutir, as cifras están aí e simplemente hai que mencionalas.

Volveu vostede a personalizar o debate e a min non me importa personalizalo, nun tema do Polígono de Tambre. Mire vostede, houbo un convenio entre catro partes, Deputación, Concello de Santiago de Compostela, Consellería de Industria e Consellería de Política Territorial, sobre investimentos do Polígono do Tambre. O concello desenvolveuse satisfactoriamente pero viuse despois que era necesario e conveniente soterrar os cables de alta tensión. Entón, por acordo entre todos, encargouse un estudo, fíxose un proxecto e entregouse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que, consonte coa Consellería de Industria, preséntelle á Deputación un proxecto de convenio que permita ampliar a dotación inicial con esa finalidade. E houbo un acordo entre todos de levar adiante o proceso, independentemente de que non había ningún compromiso xurídico porque se adoptara despois do acordo plenario. Neste momento non chegou a proposta correspondente á Deputación porque a Consellería de Industria está intentando que, como se trata de soterramento de liñas eléctricas, que Unión Fenosa rebaixe a cifra que inicialmente tiña comprometida. Cando esa cifra estea fixada definitivamente virá aquí á Deputación, e que eu saiba esa non é ningunha irregularidade, senón un intento adicional de mellorar un protocolo, nin sequera houbo un protocolo de intencións, houbo simplemente un acordo verbal, non sei se estaba, non, non estaba o Sr. Candela alí, había representantes do concello, eu estaba como é natural, houbo un acordo verbal de seguir co proceso adiante, e cando o proceso estea concluído levalo a todas as Administracións para que adopten o acordo pertinente. Se iso lle parece mal, a verdade, non sei onde estamos.

Vostede mencionaba o tema dos impostos directos, mire, algo hai na realidade, unha realidade que existe aí, a sociedade galega e a sociedade española sabe que o Partido Popular baixou os impostos, punto, é inútil discutilo, vostedes discúteno pero a realidade cando un paga a contribución sobre a renda teno aí, e a legalidade da presión fiscal é que non é superior, non imos discutir sobre iso porque é inútil e ademais o Sr. presidente podíanos demandar que nos dedicáramos a falar do noso. O que si me preocupa é o que dixo vostede, é dicir, vostede cando fala de réplica ten un defecto, eu a verdade nunca lle vin ese defecto na Corporación anterior, quizais porque os debates eran doutro tipo, non sei, ao mellor é que nosoutros cargamos as tintas, ao mellor, segundo vostede, non segundo a nosa opinión que intentamos ser obxectivos, aínda que rigorosos. Decía vostede, non lles gusta a Orquestra Sinfónica de Galicia, non dixen isto, dixen que era unha orquestra, que nos parecía ben, dixen que era unha boa orquestra, e dixen simplemente que o incremento podía ser excesivo e que, ao mellor, era mellor dilatalo a través dun convenio plurianual no que se fora incrementando a contía e non no primeiro ano o 57%, 425.000 euros, pero non dixen que

non me gustase a Orquestra Sinfónica de Galicia, é unha das mellores orquestras de España, non sei se está cualificada como número un, ou número dous, foi unha magnífica idea do Concello da Coruña, é certo que soportou, practicamente en exclusiva, durante moito tempo, o custo financeiro desta orquestra, e a min paréceme ben, e ao noso grupo parécelle ben que a Deputación axude, simplemente falaba que neste ano ao mellor era excesivo o incremento da dotación, máis nada. Por favor, Sr. Lagares, non poña en boca dos demais palabras que non din, porque senón estes debates dialécticos deixan de seren debates dialécticos e transfórmanse noutra cousa. O rigor no debate parlamentario quizais sexa un elemento que temos que recuperar, ao mellor non estamos moi acostumbrados, pero temos que recuperalo.

Falaba vostede do Plan Galicia, tamén teño que me referir a el, pura propaganda, pois de verdade ten vostede detrás a un deputado que eu aprezo especialmente, ao Sr. Nogueira, que tamén é concelleiro da Coruña, ten que lle transmitir ao seu alcalde que o porto exterior da Coruña é propaganda. Ben, ben, agora resulta que é un agasallo adicional ao Plan Galicia, se resulta que no Plan Galicia ademais hai agasallos adicionais de 600 millóns de euros, entón, ¡viva o Plan Galicia!, se consegue que teña agasallos adicionais de 600 millóns de euros. Realmente cando vostedes falen, e falen de investimentos que no caso do ferrocarril, no caso de Santiago -Ourense están licitadas obras por preto de 200.000 millóns de pesetas, licitadas e comprometidas, entre outras moitas cousas, mellor falen doutras cousas, porque a xente entón vai pensar que vostedes si que queren facer propaganda, e iso é malo para calquera partido político, non quero ser didáctico, non lle quero dar consellos a ninguén, xa me abonda cos meus e reflexionar sobre o que dicimos nosoutros, para lle dar consellos a ninguén, pero home, neste caso case me permito a licencia.

Eu quero terminar con algo que terminou vostede. A min gústanme os debates duros, pero tamén cordiais, non quixera que os debates nesta Corporación se avinagraran, utilizando termos inadecuados ou palabras que non corresponden coa realidade. Nosoutros falamos con datos, con cifras, poden ser discutidas, nosoutros estamos aí, temos oportunidade de poder contrastar os nosos números, creo que son números rigorosos, ás veces facemos afirmacións que poden ser molestas, pero a política parlamentaria é así. Eu crieime en política no Parlamento de Galicia, e aí ás veces dinse cousas que as que dicimos aquí, parece que estamos nun colexio de monxas, hai que soportar iso. Vou procurar que, polo menos, na Deputación da Coruña, na parte que a min me corresponda, non utilizemos termos que ofendan a ninguén, e que manteñamos un debate político, tenso, duro, rigoroso, sen máis. Nese senso estamos de acordo, Sr. Lagares.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente, Sr. presidente, grazas por esa magnanimidade, por estes minutíños de concesión.

Mire, Sr. Rodríguez, eu sempre actúo de forma cordial, pero cando as cousas non son a realidade, teño que o dicir. E vou dicir agora viva a premura para acabar máis pronto, porque é o termo que din nunha determinada cidade da provincia. Simplemente, hai algo que me sorprende, sígueme sorprendendo algo. Vostedes pensaron unha cousa, federacións-clubs, dixeron outra e fixeron outra completamente distinta, e agora queren que aprendamos nosoutros, este equipo de goberno, isto é intentar tomarnos por tontos, vamos, iso é unha cousa que é inaudita. Vostedes non lles quixeron pagar ás federacións e aos clubs, nosoutros imos realizar e cumprir as cousas, cumprir os temas. Insisto en que os altos cargos e as asistencias son semellantes, os altos cargos e as asistencias son semellantes, non tomemos de forma inadecuada as partidas económicas, e que estes datos son públicos dende o 3 de decembro onde vostedes se abstiveron.

Eu simplemente quero terminar dicindo que, menos mal que por fin conseguín na miña segunda intervención que vostedes me deran a razón no capítulo II, porque claramente xa ma deu, porque dixó que estaba moi ben todo o de recadación, o de informática, o de xestión tributaria, pero resulta que logo queren suprimir todos os premios literarios, todos os premios fotográficos, etc., que antes lle mencionei, e non quero volver a reiteralos.

Simplemente, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, xa para terminar, dicir que estamos ante o feito máis importante desta cámara provincial e que lle sigo insistindo ao Partido Popular que reflexione o tempo que lle queda e que emita un voto favorábel para este orzamento solidario cos cidadáns da provincia.

Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, nosoutros pretendiamos que iso se pagase co remanente, e o remanente estaba, non é que vostedes tiveran que pór diñeiro a maiores. O ano pasado, cando presentamos a transferencia era con cargo a outras partidas orzamentarias, que ao non gastarse quedaron no remanente, polo tanto, non pretendiamos que o pagaran vostedes, queriamos pagalo nosoutros o ano 2003, cunha transferencia, ao non facer esa transferencia, iso quedou como remanente e téñeno vostedes para poder resolver o problema agora, polo tanto, nada diso.

Sr. Lagares, volve vostede a insistir no mesmo, cando falabamos dunhas partidas concretas que teñen o título de gastos diversos e dicíamos que non especificaban o destino e vostede sacábao cun destino que pode ser ese ou outro, non quería discutilo porque era

gastos diversos, nosoutros estamos falando da totalidade do capítulo II, iso non é a totalidade do capítulo II, segue subindo a totalidade o 37%, e a suma do capítulo VI e VII sobe un 0,17, por favor, Sr. Lagares, non se pode dicir dun cousas distintas das que di. A ver se conseguimos no tempo que nos queda, que nos vai quedar bastante, se logramos que o que se diga corresponda co que dixo o contrario. Cando vostede replique, replique do que digo eu, non invente vostede cousas -non vou utilizar o termo inventar-, non utilice vostede termos que non dixen, non dixen que todo o capítulo II me parecía ben, vostede utilizou catro casos nos que deliberadamente, por razóns de principio orzamentario, optouse por unha fórmula de gastos diversos, que non está especificado en que; vostede dixo que é iso, ao mellor é iso ou outra cousa, non me preocupa. Se é iso, serían outras partidas e senón, como van facer vostedes supoño, irán aos remanentes, aos que deixamos nosoutros o ano pasado e con iso resolverán o problema, perfecto, porque o remanente deixouno a Corporación anterior, vostedes non tiveron tempo a gastar.

Moitas grazas.

Sr. presidente

Aproveitando privilexio que ten a Presidencia e que utilizou nalgunhas ocasións o presidente que me precedeu, quero facer algunhas puntualizacións sobre o que aquí se dixo.

Non é serio acusar ao equipo de goberno dun incremento do 281%, 119 millóns de pesetas, en retribucións de grupo de goberno, e é moito menos serio envialo á prensa como grupo provincial popular; non é serio porque non é certo, porque a masa salarial é a mesma e aqueles Sres. deputados ou Sras. deputadas que teñen dedicación exclusiva non cobran por outros conceptos nesta deputación, e esa conta non se fai. E eu quérolle lembrar aquí ás Sras. e Sres. deputados que na anterior Corporación había deputados vicepresidentes cunha gran responsabilidade, que non cobraban por dedicación exclusiva na deputación, cobraban por outros conceptos e en nóminas que eu puiden ver podo dicir que o que cobraban nalgúns meses case acada ao que cobra o presidente da deputación. Polo tanto, non levantemos temas que poden dar lugar a demagoxias, sexamos sensatos e tratemos estes temas con serenidade. E aínda que fora certo isto, que non é certo, pois mire vostecde, eu podería dicir, se fose certo, que cunha simple xestión que hoxe aprobamos e que pasamos todos nas puntas dos pés e eu pasei nas puntas dos pés cando podía falar moito, ímoslle aforrar á deputación 336 millóns de pesetas e quero que vostedes coñezan o que lle custou ao presidente da Deputación aforrar 336 millóns de pesetas a esta corporación no refinanciamento do crédito co Banco de Crédito Local. Eu decátome de que estamos pagando créditos ao 5% e iso é unha vergoña. Ningún de vostedes que ten créditos ou hipotecas paga un interese dun 5%, ningún, por que ten que pagar a deputación cos fondos ademais que ten en contas correntes un 5% sobre un gasto?, isto poderíase falar do goberno, que non cobraba por dedicación exclusiva, pero cobraba por asistencias tanto como por

dedicación exclusiva, da inoperancia, do abandono e do desdén e a falta de preocupación polos temas da deputación. E custou resolver isto chamar ao director do Banco de Crédito Local e dicir, “señor, isto non pode ser, non é serio que vostedes lle estean cobrando á deputación un 5% de interese por un crédito. A mediados de xaneiro traía vostede unha proposta, porque isto témolo que negociar”, e a mediados de xaneiro trouxo unha proposta, hoxe aprobámola e segundo os informes aforramos dous millóns de pesetas en intereses. Se isto se fixera con anterioridade ao mellor se aforraba un pouco máis.

E quérolle dicir tamén, e a ver se acabamos con este tema, que retribuímos o traballo, non a presenza. E queremos a ver se é posíbel evitar que nos vindeiros anos teñamos que traer a este Pleno liquidacións do orzamento autenticamente escandalosas, porque excede a toda normalidade que teñamos un remanente de tesourería de 94 millóns de euros, pon de manifesto os que en teoría non cobraban, o que traballaban nesta deputación, e queremos a ver se superamos a xestión porque facer orzamentos, é moi doado, é encher un papel, pero logo hai que xestionar, e quérolle informar á Cámara, porque isto non o sabe, e non pensaba falar disto, pero non obstante traio datos por se é necesario que das incorporacións de remanente que se fixo do exercicio 2003 en promoción económica está sen xestionar o 74,85% o 31 de decembro; en estradas provinciais está sen xestionar o 67,48%; que en xestión de plans está sen xestionar o 49,74%. Estes son remanentes incorporados ao exercicio do ano 2003. Se agora falamos do orzamento do ano, perdón, estes eran os orzamentos, o orzamento corrente 74,85% en promoción económica, 67,48 en estradas provinciais e 49,74% en xestión de plans. Nos remanentes incorporados, en promoción económica é 85,47%, pendente de xestionar, en estradas provinciais o 22%, en xestión de plans o 26,88%. Pero hai obras, 149 obras do ano 1999, aínda sen adjudicar, e hai multitude de obras que están paralizadas dende hai anos e non se fixo absolutamente nada. Polo tanto, xulguen polos nosos traballos e non xeren un debate que non responde á realidade, que xera demagogia entre a xente e que a xente non é capaz de comprender.

Hai unha cousa que si quero deixar meridianamente clara. Dicía o Sr. Dositeo que non discutiron nunca o que baleiraran a partida do convenio Xunta-Deputación, faltaría máis que discutisen iso, é unha evidencia, é unha evidencia que o 25.04.2003 se desviou por Resolución de Presidencia, 940.000 euros dese programa para un convenio coa Xunta, a programas de música, premios e outras actividades, e é unha evidencia que o 8 de xullo de 2003, o anterior presidente, igual que no 25 de abril desviou por Resolución de Presidencia 170.000 euros a premios e outras actividades, sería absurdo negar isto. E preocúpame a explicación que deu o Sr. Dositeo Rodríguez Rodríguez dicindo que ben, que como pensaban gañar as eleccións baleiraban esta partida, incrementando as subvencións, o 25 de maio hai eleccións municipais e isto faise en abril, e logo xa veremos, como imos gañar as eleccións facemos unha modificación de créditos e eu quero dicir que isto é así, taxativamente así. E sorpréndeme, si, si, isto é unha pequena fraude entre comiñas, é adaptar o orzamento ás necesidades políticas do momento, e é así. E non falamos aínda, o que me

preocupa, e mandamos a carta ás federacións, non aos clubs, porque nosoutros non sabemos que clubs cobran e canto cobran, non sabemos, e aquí non consta. E eu o 12 de xaneiro, o 9 de xaneiro con data de saída do 12 de xaneiro, enviólle unha carta ao director xeral para o Deporte dicindo: “Dando cumprimento ao disposto no parágrafo 4.5 da cláusula 4ª do convenio de cooperación asinado entre a Xunta de Galicia e Deputación Provincial da Coruña, con data do 16 de setembro de 2002, solicítase certificación acreditativa da realización total das transferencias de aboamento das subvencións outorgadas, os beneficios delas con indicación do destinatario, finalidades, importe, e data para efectos de constituir a xustificación definitiva do emprego das achegas da Deputación Provincial da Coruña”. Nosoutros, a deputación, que achega 2.000 millóns de pesetas, non sabemos a que clubs se lles dá nin que cantidades, por tanto, malamente podemos resolver ningún problema.

Di o Sr. Dositeo, textual, porque copiei: “O convenio da Xunta de Galicia ía tardar varios meses”. Mire, o 13 de xaneiro do ano 2003, 13 de xaneiro, publícase a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administracións Públicas, que crea, que regula, estas subvencións, e no artigo 1, o último parágrafo do artigo 1 di: “Os créditos referidos neste artigo poderán ser incrementados con achegas económicas destinadas por outras institucións públicas para apoiar calquera dos programas que regula a presente orde e que sexan resultado de convenios que se formalicen con cada unha delas”. É dicir, a partir do 13 de xaneiro do ano 2003, a deputación puido asinar o convenio coa Xunta de Galicia, non se asinou, de acordo, o que non pode ser é que agora nos traten de responsabilizar a nosoutros, porque dicía antes que nosoutros mandamos as cartas ás federacións porque, das federacións e dos clubs nos chegan aquí a acusación de que non están cobrando as subvencións porque a deputación non pagou, e queremoslo aclarar e por iso enviamos isto. Eu quero que quede claro, e aquí agora non hai prensa, e gustaríame que houbose prensa, non para que reproduza o que dixen ata agora, pero si para que reproducira o que vou dicir agora. Que quede claro que este é un problema que crearon vostedes e que nosoutros imos resolver. Pero ímolo resolver como se debe resolver, non facendo un suplemento de crédito, ¿cando imos facer un suplemento de crédito?, é imposible que nosoutros asinamos un convenio ou fixésemos unha transferencia de crédito no mes de decembro. Primeiro, non podíamos asinar un convenio coa Xunta de Galicia porque non había partida orzamentaria, se houbose partida orzamentaria poderíamos asinar un convenio e para xerar unha partida orzamentaria teríamos que facer un expediente de modificación de créditos, pero o expediente de modificación de créditos, á altura que estabamos, en decembro, non entraba en vigor no exercicio do ano 2003 e non tiña senso. Polo tanto, é bo que se reconeza que hai un problema, certo que hai un problema, que nosoutros non orixinamos, pero que nosoutros asumimos e imos resolver co orzamento do ano 2004 de deportes e coas accións que teñamos que facer. Porque mire, o orzamento de deportes increméntase, increméntase nas partidas de convenios, clubs, federacións e programa de xestión directa; axudas a clubs e entidades deportivas, actividades; axudas a clubs e entidades deportivas, equipamento, por todos estes conceptos no ano 2003 había 2.084.000 euros e no orzamento do ano 2004 hai

2.240.000 euros, incrementábase nun 7%. No investimento na provincia a través dos concellos, estas eran actividades para clubs, federacións e programas de xestión directa, que se incrementan nun 7% e nos investimentos da deputación nos concellos pásase de 1.371.195 euros a 2.150.000 euros, incrementábase un 57%. No orzamento total de deportes incrementábase un 27% pasando de 3.455.000 euros a 4.390.000 euros. E o orzamento poden crerme vostedes que está feito de hai varios días e vostedes téñono no seu poder.

Non é certo tampouco o que dicía o Sr. Dositeo, que eu me neguei a tramitar e arranxar esta cuestión. É certo que o Sr. Carlos López Crespo falou comigo, pero é que nun período de administración ordinaria non se pode facer un expediente de modificación de créditos e, á parte diso, quérolles lembrar ás Sras. e Sres. deputados que había un auto do Tribunal Superior de Galicia onde prohibía expresamente este tipo de condutas. Polo tanto, se non se fixo un expediente de modificación de créditos en setembro, ou en xullo, ou en xuño, é porque legalmente era imposible, nosoutros herdamos un problema e ímolo resolver, pero por desgraza non herdamos un único problema, porque hai outra cousa da que non se está a falar e é outro problema que temos formulado e que imos herdar. Porque o mesmo que se fixo coas subvencións da deputación a través do convenio Xunta-Deputación para clubs deportivos, fíxose coas asociacións de veciños, e isto aínda non se falou e falarase.

E rógolles aos Sres. deputados do Partido Popular que non encirren ás federacións de veciños, como están intentando cos clubs deportivos, para trasladarnos a responsabilidade a nosoutros, porque non temos ningunha responsabilidade, porque as subvencións que había de 806.000 euros destinounas todas o anterior presidente, nunha modificación interna de créditos o 17 de xuño, a outras cousas e quedou a partida baleira e convocáronse as subvencións e as asociacións de veciños solicitaron e presentaron solicitudes ao abeiro desta convocatoria e non se lles respondeu a ningunha delas, e non se pode dar diñeiro porque non hai partida orzamentaria para atender esas subvencións, pero ímolo resolver tamén e ímolo resolver no orzamento do ano 2004 e atenderemos todos eses problemas que vostedes deixaron, e eu entendo porque o fixeron, pensaban que ían gañar as eleccións, dixeron “ben, fai unha transferencia, inxecto máis diñeiro en subvencións, utilizo como hai que utilizar estas cousas e logo, como gaño as eleccións imos suplementar estas partidas.”

Polo tanto, termino, dicía o Sr. Dositeo que lle quitamos dereitos aos clubs deportivos. Non lle quitamos ningún dereito, vostedes non lle deron dereito o ano pasado, vostedes non lle deron dereito. Polo tanto, non poden dicir seriamente aquí que nosoutros lles quitamos dereitos, nosoutros imos resolver un problema e alégrome que entre todos poidamos resolvelos e quedemos todos contentos.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Non vou discutir o dereito a rebater a súa intervención nin vou entrar nela, porque entón entraríamos nun terreo complicado, se é que nunha última intervención introduce datos novos, abre debates, vostede é o presidente, pídolle simplemente que nesas intervencións non introduzan temas novos porque entón prodúcese unha clara indefensión da parte aludida. E quero simplemente lle dar un dato concreto, no tema de asociacións de veciños, antes do cesamento da Corporación anterior, e está o Sr. Pardellas aí presente, houbo un expediente de modificación de créditos, con partida orzamentaria adecuada para volver a dotar asocacións de veciños, con informe favorábel de Intervención, e o criterio da Intervención é que non se podía levar a Pleno porque xa estaba para se constituír a nova Corporación, e quedou aí, pero estaba feito o expediente con contía, con crédito e con partida aceptada e co informe favorábel de Intervención, ese si que se puido levar ao primeiro Pleno, porque o único que había que facer era levalo á Comisión Informativa e a Pleno, tiña informe favorábel de Intervención e vostedes, se non o sabe o Sr. presidente pode preguntalo, podían facelo na primeira reunión da deputación.

Moitas grazas.

Sr. presidente

En todo caso o problema témolo e ímolo solucionar.

A continuación procédese a votar a emenda presentada polo grupo popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: 2 deputados (PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación -art. 74.1 do Regulamento orgánico).

Enténdese decaída e a continuación sométese a votación o ditame da comisión:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: 2 deputados (PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Sr. Rodríguez Rodríguez intervén solicitando novamente información sobre o tema das trece mensualidades e a súa aclaración, anunciando que o seu grupo resérvase as actuacións legais oportunas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Dositeo, eu non lle contestei a esa cuestión porque é un tema técnico, pero vostede dixo, efectivamente, que era a primeira vez que pasaba na deputación, e é certo. É a primeira vez que pasa na deputación porque é a primeira vez que se prorroga o orzamento.

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2004, que presenta o Ilmo. Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 149 da Lei 39/88, reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2004 por importe de 159.376.700,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	3.334.370,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	-----
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	5.863.005,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	125.052.952,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	4.328.100,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		138.578.427,00

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	1.326.105,00
--------------	-----------------------------------	--------------

CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	10.822.168,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		12.148.273,00

3. OPERACIONES FINANCIERAS

CAPÍTULO VIII	Activos financieros	550.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financieros	8.100.000,00
TOTAL OPERACIONES FINANCIERAS		8.650.000,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **159.376.700,00**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIONES CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	29.719.519,00
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	29.289.323,00
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	3.008.664,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	18.609.243,00
TOTAL OPERACIONES CORRENTES		80.626.749,00

2. OPERACIONES DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	37.341.407,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	29.864.652,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		67.206.059,00

3. OPERACIONES FINANCIERAS

CAPÍTULO VIII	Activos financieros	3.188.123,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financieros	8.355.769,00
TOTAL OPERACIONES FINANCIERAS		11.543.892,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **159.376.700,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

<u>Grupo de función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
-------------------------	---------------------	------------------

1	Servizos de carácter xeral	16.794.429,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	3.530.000,00
3	Seguridade, protección e promoción social	17.305.464,00
4	Produción de bens públicos de carácter social	42.540.302,00
5	Produción de bens públicos de carácter económico	28.590.799,00
6	Regulación económica de carácter xeral	11.307.812,00
7	Regulación económica de sectores produtivos	6.952.461,00
9	Transferencias a Administracións públicas	21.000.000,00
0	Débeda pública	11.355.433,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>159.376.700,00</u>

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 150.1 da Lei 39/88, reguladora das facendas locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 150.3 da citada Lei 39/88, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiránse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

4.-CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2004

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1)Incrementar as prazas de persoal eventual nunha praza de auxiliar, Grupo D, nivel de complemento de destino 16 e réxime de dedicación normal.

2).-Aprobar o cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal funcionario, laboral e eventual do 2004 que figura a continuación.

3).-Proceder a exposición pública do acordo e demais trámites legalmente establecidos.

4).-Dar traslado dos acordos definitivamente aprobados sobre o cadro de persoal e relación de postos de traballo para 2004 á Dirección Xeral da Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, e á Dirección Xeral de Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
CADRO DE PERSONAL 2004

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-GRUPO-PAZAS

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL

Secretario xeral: A-1

Interventor xeral: A-1

Tesoureiro: A-1

Oficial maior: A-1

Viceinterventor:A-1

Interventor adxunto: A-1

Vicetesoureiro: A-1

Xefe Servizo Asistencia Económica: A-1

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SUBESCALAS

Técnica: A-27
Xestión: B-9
Administrativa: C-53
Auxiliar: D-137
Subalterna: E-22

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

Letrado asesor xurídico: A-1
Arquitecto: A-1
Enxeñeiro industrial: A-1
Enxeñeiro vías e obras: A-2
Arquiveiro bibliotecario: A-1
Técnico de organización: A-2
Xefe servizo de Informática: A-1
Técnico superior informática: A-3
Técnico superior Unión Europea: A-2
Analista: A-8
Administrador sistemas/rede: A-1
Tradutor de galego: A-2
Xefe servizo Xestión Tributaria: A-1
Xefe servizo Inspección Tributaria: A-1
Inspector de tributos locais: A-1
Profesor B.U.P.-C.O.U. Colexio R. Puga Ramón: A-24
Profesor F.P. Teóricas C. Calvo Sotelo: A-6
Director servizo Asist. a Municipios: A-1
Letrado asesor Xefe Serv. Asist. Municipios: A-1
Letrado adxunto: A-1
Xefe Serv. Asist. Técnica: A-1
Adxunto xefe S. Asistencia Técnica: A-1
Periodista: A-1
Administrador do contorno informático: A-1
Técnico de xestión cultural: A-1
Recadador de tributos locais: A-1.
Técnico prevención riscos laborais: A-1
Médico especialista medicina traballo/diplomado medicina empresa: A-1

Técnico biblioteca e arquivo: A-1
Técnico xestión proxectos: A-1
Psicólogo: A-1

CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO

Profesor Música: B-1
Profesora de Danza: B-2
Pianista: B-2
Arquitectos técnicos: B-3
Enxeñeiros técnicos vías e obras: B-4
Enxeñeiro técnico agrícola: B-1
Enxeñeiro técnico industrial: B-1
Analista programador: B-2
Encargado imprenta: B-1
Asistentes sociais: B-3
Profesor Fogar Colexio R. Puga Ramón: B-1
Axudante arquivo e biblioteca: B-12
Enxeñeiros técnicos en topografía: B-2
Técnicos de xestión económico-financeira: B-16
Profesor E.F. Colexio Puga Ramón: B-1
Profesor E.C. Colexio Puga Ramón: B-1
Monitor: B-1
Analistas técnicos: B-3
Subinspector de tributos locais: B-2
Técnicos de xestión tributaria: B-18
Profesores de F.P. Prácticas: B-11
Profesor de F.P. Teóricas: B-1
A.T.S./D.U.E. de empresa: B-1
Asesor sistemas xestión municipal: B-8
Técnico xestión políticas públicas: B-11

CLASE TÉCNICOS AUXILIARES

Delineante encargado xeral de mantemento: C-1
Delineantes: C-6
Programador de sistemas: C-3
Técnico explotación nocturna: C-1
Programador de aplicacións: C-8
Operador de ordenador: C-3
Preparador de traballos: C-1

Encargado de protocolo: C-1
Monitor técnico: C-2
Axentes tributarios: C-3
Especialista en educación infantil: C-2

SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS

PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS

Condutores mecánicos: D-7
Auxiliares protocolo e relacións públicas: D-2
Auxiliar de caixa: D-1
Auxiliares gravadores: D-2
Subgobernanta: D-1
Condutores mecánicos: E-10
Telefonista: E-4
Auxiliar repartidora B.O.: D-1
Celadoras: E-36
Veladoras: E-3

PERSOAL DE OFICIOS

Oficial operario de servizos: D-1
Capataz de vías e obras: D-16
Oficiais industriais imprenta: D-4
Cociñeiros: D-2
Especialistas oficios varios: D-1
Capataz encargado: D-1
Axudantes de cociña: E-5
Costureiras: E-2
Camareiras: E-7
Operario de servizo: E-1
Peóns vixilantes: E-2
Operaria de servizos varios: E-4
Limpadoras: E-4
Cociñeiras: E-2

PERSOAL LABORAL

Recadador de tributos locais: 3
Oficiais maiores: 5

Oficiais 1ª (R): 10
Oficiais 2ª (R): 23
Profesores de B.U.P.-C.O.U.: 1
Axudante de arquivo biblioteca: 1
Director Fogar Infantil Ferrol: 1
Profesor de Música e pianista: 1
Profesor de Danza: 3
Xastra: 1
Técnico de son: 1
Gaiteiros: 3
Oficial operario de servizos: 3
Auxiliares administrativos: 7
Contábel Administrativo: 1
Administrativos: 2
A.T.S.: 1
Oficial mantemento: 1
Oficial carpintería: 1
Ordenanzas: 2
Subalternos: 6
Sereno: 1
Telefonistas: 2
Axudante de cociña: 5
Oper. serv. varios: 10
Perruqueira: 1
Celadoras: 23
Encargadas de portería: 2
Corrector de imprenta: 2
Responsábeis fotocomposición, impresión: 2
Oficiais de imprenta F.P. II: 6
Oficiais industriais: 1
Auxiliar de obradoiro: 2
Impresor: 1
Gravadores de texto: 3
Deseñador gráfico: 1
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1
Cociñeira: 8
Camareira: 2
Oper. agrícola: 3
Operario agrícola encargado: 1
Auxiliar técnico en Topografía: 2
Mozo de servizo: 3

Conductor: 1
Veladora "en extinción": 1

PERSOAL EVENTUAL

Asesores: 2
Técnicos: 9
Técnicos: 3
Administrativos: 8
Auxiliares: 10

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. 2004

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO TP ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
ASESORÍA XURÍDICA											
ASESOR XURÍDICO	28	A	1	€9.661,77	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN.XERAL	16	D	1	€2.547,72	N	C.		A.X.	4		
BIBLIOTECA E ARQUIVO PROVINCIAL											
ARQUIVEIRO BIBLIOTECARIO	24	A	1	€3.502,89	S	C.		A.E.	Ldo.Xeog. H.-Documentación		
TÉCNICO BIBLIOTECA E ARQUIVO	22	A	1	€4.919,22	N	C.		A.E.	Ldo. Xeog. H.-Biblioteconomía		
XEFE NEGOCIADO	22	B	1	€4.919,22	N	C.		A.E.	Dip.Xeog H.Arquivo		
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA	21	B	11	€4.145,02	N	C.		A.E.	Dip.Xeog. H.-Arquivo		
ESPECIALISTA EDUCACIÓN INFANTIL	19	C	2	€3.128,24	N	C.		A.E.	Técnico superior Educ.Infantil		
AUXILIAR ADMÓN.XERAL	16	D	6	€2.547,72	N	C.	A3-1	A.X.	4		
SUBALTERNO	13	E	2	€2.929,21	N	C.		A.X.	5		
CENTRAL, ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN											
XEFE SECCIÓN	24	A	1	€3.502,89	S	C.		A.X.	1		
TRADUTOR GALEGO	22	A	2	€4.919,27	N	C.		A.E.	Ldo. Fil. H. Galego		
XEFE NEGOCIADO	22	C	1	€4.919,22	N	C.		A.X.	3		
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	1	€4.145,01	N	C.		A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN.XERAL	16	D	7	€2.547,72	N	C.		A.X.	4		
COLEXIO CALVO SOTELO											
PROFESOR F.P. TEÓRICAS	24	A	6	€3.907,31	S	C.		A.E.	Ldo. espec. materia impartir		
PROFESOR F.P. TEÓRICAS	24	B	1	€3.907,37	S	C.		A.E.	Téc. espec. FP 2 o equivalente		
PROFESOR F.P. PRÁCTICAS	24	B	11	€3.894,85	S	C.		A.E.	Téc. espec. FP2 ou equiv.		
COCIÑEIRO/A	15	D	1	€4.160,52	N	C.		A.E.	4		
COSTUREIRA	13	E	2	€2.358,30	N	C.		A.E.	5		
LIMPADOR/A	13	E	4	€2.358,30	N	C.		A.E.	5		

SUBALTERNO	13	E	1	€929,21	N	C.	A.X.	4	EN EXTINCIÓN
AXUDANTE COCIÑA	13	E	1	€1.156,80	N	C.	A.E.	5	

POSTO DE TRABALLO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO TP ESPECÍFICO		FORMA ADM PROVISIÓN	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
-------------------	-------	-------	----------	------------------------------	--	------------------------	--------	------------	-------------------------	--------------

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

PROFESOR DANZA	21	B	2	€1.145,02	N	C.	A.E.	Dip. Ballet Clásico	
PROFESOR MÚSICA-PIANISTA	21	B	1	€1.145,02	N	C.	A.E.	Dip. Música ou equiv.	
PIANISTA	21	B	2	€1.145,02	N	C.	A.E.	Dip. Música-piano	
AUXILIAR ADMÓN.XERAL	16	D	1	€547,72	N	C.	A.X.	4	

CONTABILIDADE

XEFE SERVIZO	28	A	1	€9.661,80	S	C.	A.X.	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN REC. MUNICIPAIS E CONTA XERAL	24	A/B	1	€502,89	S	C.	AX/AE	1/2	
XEFE SECCIÓN CONTAB. FINANC. E PRESUPOSTARIA	24	A/B	1	€502,89	S	C.	AX/AE	1/2	
XEFE NEGOCIADO CONT.FINANC. E PRESUPOST.	22	B	1	€919,22	N	C.	A.E.	2	
XEFE NEGOCIADO REC.MUNIC. E CONTA XERAL	22	B	1	€919,22	N	C.	A.E.	2	
XEFE NEGOCIADO	22	C	1	€919,22	N	C.	A.X.	3	
TÉCNICO XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA	21	B	2	€1.145,02	N	C.	A.E.	2	
AUXILIAR ADMÓN XERAL	16	D	7	€547,72	N	C.	A.X.	4	

ENXEÑERÍA E MANTEMENTO

ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	28	A	1	€9.661,80	S	C.	A.E.	Enxeñeiro industrial	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SERVIZO DELINEANTE ENCARGADO	19	C	1	€128,30	N	C.	A.E.	FP-2 Delin. ou hom.	
XERAL MANTEMENTO AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	€547,72	N	C.	A.X.	4	

OFICIAL OPERARIO DE SERVICIOS	16	D	1	€4.531,86	N	C.	A.E.	4
ESPECIALISTA EN OFICIOS VARIOS	15	D	1	€2.547,72	N	C.	A.E.	4
OPERARIO/A OFICIOS VARIOS	13	E	1	€2.358,30	N	C.	A.E.	5

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES
ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO										
ASESOR	28	A	2	€21.652,75	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	26	A	5	€17.698,05	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	24	A	4	€15.560,26	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	21	B	3	€11.216,14	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C	8	€8.807,93	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	3	€7.238,36	E			EVENT		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	7	€2.547,72	E			EVENT		
FISCALIZACIÓN										
XEFE SERVICIO	28	A	1	€19.661,80	S	C.		A.X	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
